

PLENO DO PARLAMENTO

22 de novembro de 2016
17.00 horas



ÍNDICE

Páx.

Convocatoria do Pleno	<u>1</u>
Relación de membros da Cámara	<u>6</u>
Listado para votación	<u>8</u>
 Punto 1 Dación de conta dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente dende a disolución da Cámara o 2 de agosto de 2016 (Art. 57 e 59 do Regulamento do Parlamento de Galicia)	<u>11</u>
 Punto 2. Propositions non de lei en Pleno	<u>13</u>
 2.1 360 (10/PNP-000003) Grupo Parlamentario de En Marea Villares Naveira, Luis e 13 máis Sobre a recuperación polo Goberno galego da xestión e explotación pública directa, de xeito íntegro, do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo. <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016</i>	<u>14</u>
 2.2 545 (10/PNP-000024) Grupo Parlamentario de En Marea Sánchez García, Antón Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados en relación coa introdución dunha modificación no artigo 74.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referida á posibilidade de regulación polos concellos dunha bonificación na cota íntegra do imposto de bens inmobles. <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 8, do 07.11.2016</i>	<u>20</u>
 2.3 556 (10/PNP-000025) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Rodil Fernández, Olalla e 5 máis Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención axeitada á interrupción voluntaria do embarazo na rede sanitaria pública, así como os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres do medio rural. <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016</i>	<u>24</u>



2.4 577 (10/PNP-000028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a reversión polo Goberno galego da concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, para a súa xestión pública.

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016 [30](#)

2.5 605 (10/PNP-000033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias cos axentes sociais e, sinaladamente, cos sindicatos con representación no sector público para o cumprimento das sentenzas ditadas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea en materia de indemnizacións por remate de contratos laborais.

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016 [34](#)

2.6 669 (10/PNP-000041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego no Banco Popular–Pastor.

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016 [37](#)

2.7 714 (10/PNP-000049)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 13 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de vender as centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande. (Procedemento de urxencia).

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 10, do 09.11.2016 [42](#)

2.8 730 (10/PNP-000054)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 13 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo da realización das adaptacións tecnolóxicas necesarias para compatibilizar os dispositivos de cobramento do transporte urbano Vitrasa coa tarxeta Transporte Metropolitano de Galicia. (Procedemento de urxencia).

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 10, do 09.11.2016 [46](#)

Punto 3. Interpelacións [50](#)

3.1 375 (10/INT-000001)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 13 máis



Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa exclusión social e a pobreza.

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016 [51](#)

3.2 480 (10/INT-000003)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 13 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación cos desafiuzamentos.

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 7, do 04.11.2016 [56](#)

3.3 649 (10/INT-000009)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co desemprego e a precariedade laboral.

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016 [60](#)

Punto 4. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta..... [64](#)

4.1 1120 (10/POPX-000001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia da AP-9..... [65](#)

4.2 1127 (10/POPX-000002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a opinión do Goberno galego en relación cos cambios normativos previstos no ámbito educativo..... [67](#)

4.3 1147 (10/POPX-000003)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas consecuencias socioeconómicas que tería a segregación e venda de activos da empresa Ferroatlántica [69](#)

Punto 5. Preguntas ao Goberno [71](#)

5.1 411 (10/POP-000015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Pierres López, María Luisa

Sobre o anuncio de investimento de máis de 15 millóns de euros para ampliar a estación depuradora dos Praceres, en Pontevedra.



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016 [72](#)

5.2 1118 (10/PUP-000032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da instalación de vertedoiros, como o previsto en Lousame, como alternativa de futuro viable para os residuos industriais [75](#)

5.3 740 (10/POP-000107)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 4 máis

Sobre a resposta que lle están a dar os concellos galegos ao Programa de vivendas baleiras posto en marcha pola Xunta de Galicia na novena lexislatura [79](#)

5.4 355 (10/POP-000003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a adquisición pola Xunta de Galicia do compromiso de adoptar as medidas legais axeitadas para evitar a segregación pola empresa Ferroatlántica das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes.

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016 [82](#)

5.5 572 (10/POP-000024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar a segregación pola empresa Ferroatlántica das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes.

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016 [85](#)

5.6 609 (10/POP-000030)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación que están a vivir as persoas paradas en Galicia.

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016 [89](#)

5.7 758 (10/POP-000108)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 5 máis

Sobre a situación na que se atopa o ensino galego no referido ao desenvolvemento do curso académico 2016-2017

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016 [92](#)

5.8 1146 (10/PUP-000033)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles



Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación das reválidas de 2º de bacharelato establecidas na LOMCE para o curso 2016-2017.....[95](#)

5.9 388 (10/POP-000010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Fernández Fernández, Raúl

Sobre o estado actual do proxecto de construción na provincia de Ourense dun centro para a continuidade na atención ás persoas con discapacidade unha vez cumpridos os 21 anos de idade.

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016[99](#)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 22 de novembro de 2016, ás 17:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 15 de novembro de 2016, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Dación de conta dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente dende a disolución da Cámara o 2 de agosto de 2016 (Art. 57 e 59 do Regulamento do Parlamento de Galicia)

Punto 2. Proposicións non de lei en Pleno

- 2.1 360 (10/PNP-000003)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre a recuperación polo Goberno galego da xestión e explotación pública directa, de xeito íntegro, do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016
- 2.2 545 (10/PNP-000024)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados en relación coa introdución dunha modificación no artigo 74.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referida á posibilidade de regulación polos concellos dunha bonificación na cota íntegra do imposto de bens inmoables
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 8, do 07.11.2016
- 2.3 556 (10/PNP-000025)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención axeitada á interrupción voluntaria do embarazo na rede sanitaria pública, así como os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres do medio rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016
- 2.4 577 (10/PNP-000028)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a reversión polo Goberno galego da concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, para a súa xestión pública
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016

- 2.5 605 (10/PNP-000033)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias cos axentes sociais e, sinaladamente, cos sindicatos con representación no sector público para o cumprimento das sentenzas ditadas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea en materia de indemnizacións por remate de contratos laborais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016
- 2.6 669 (10/PNP-000041)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego no Banco Popular- Pastor
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016
- 2.7 714 (10/PNP-000049)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 13 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de vender as centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande. (Procedemento de urxencia)
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 10, do 09.11.2016
- 2.8 730 (10/PNP-000054)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 13 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo da realización das adaptacións tecnolóxicas necesarias para compatibilizar os dispositivos de cobramento do transporte urbano Vitrasa coa tarxeta Transporte Metropolitano de Galicia. (Procedemento de urxencia)
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 10, do 09.11.2016

Punto 3. Interpelacións

- 3.1 375 (10/INT-000001)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e 13 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa exclusión social e a pobreza

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016

- 3.2 480 (10/INT-000003)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e 13 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación cos desafiuzamentos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 7, do 04.11.2016
- 3.3 649 (10/INT-000009)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co desemprego e a precariedade laboral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016

Punto 4. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

- 4.1 1120 (10/POPX-000001)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia da AP-9
- 4.2 1127 (10/POPX-000002)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a opinión do Goberno galego en relación cos cambios normativos previstos no ámbito educativo
- 4.3 1147 (10/POPX-000003)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas consecuencias socioeconómicas que tería a segregación e venda de activos da empresa Ferroatlántica

Punto 5. Preguntas ao Goberno

- 5.1 411 (10/POP-000015)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e Pierres López, María Luisa
Sobre o anuncio de investimento de máis de 15 millóns de euros para ampliar a estación depuradora dos Praceres, en Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016

- 5.2 1118 (10/PUP-000032)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da instalación de vertedoiros,
como o previsto en Lousame, como alternativa de futuro viable para os
resíduos industriais
- 5.3 740 (10/POP-000107)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Castiñeira Broz, Jaime e 4 máis
Sobre a resposta que lle están a dar os concellos galegos ao Programa de
vivendas baleiras posto en marcha pola Xunta de Galicia na novena
lexislatura
- 5.4 355 (10/POP-000003)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Toja Suárez, María Dolores
Sobre a adquisición pola Xunta de Galicia do compromiso de adoptar as
medidas legais axeitadas para evitar a segregación pola empresa
Ferroatlántica das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de
ferroalixes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016
- 5.5 572 (10/POP-000024)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para
evitar a segregación pola empresa Ferroatlántica das súas actividades de
produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016
- 5.6 609 (10/POP-000030)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel
Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación que están a vivir as
persoas paradas en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016
- 5.7 758 (10/POP-000108)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 5 máis
Sobre a situación na que se atopa o ensino galego no referido ao
desenvolvemento do curso académico 2016-2017
- 5.8 1146 (10/PUP-000033)

Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación das reválidas de 2º de bacharelato establecidas na LOMCE para o curso 2016-2017

- 5.9 388 (10/POP-000010)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Fernández Fernández, Raúl
Sobre o estado actual do proxecto de construción na provincia de Ourense dun centro para a continuidade na atención ás persoas con discapacidade unha vez cumpridos os 21 anos de idade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 15/11/2016 18:49:42

Resolución da Presidencia, do 18 de novembro de 2016, pola que se admite a trámite o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 1312)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 1312, o escrito remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, polo que se achega o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

En uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolvo:

1.º- Cualificar e admitir a trámite o escrito doc. núm. 1312, remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, polo que se achega o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2.º- Incorporar o dito documento, en cumprimento do acordado na reunión da Xunta de Portavoces do día 15 de novembro de 2016, como punto 2 bis) á orde do día da sesión plenaria prevista para o día 22 de novembro.

3.º- Notificar este acordo ás deputadas e aos deputados e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

4.º- Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 18/11/2016 11:15:42

RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasanchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre Jose Balseiros Guinarte	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Magdalena Barahona Martín	EM
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
María Nava Castro Domínguez	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
María Susana López Abella	P
Carlos Enrique López Crespo	P
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Valeriano Martínez García	P
Beatriz Mato Otero	P
Juan José Merlo Lorenzo	EM
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Pedro Puy Fraga	P

Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
David Rodríguez Estévez	EM
Román Rodríguez González	P
Antonio Rodríguez Miranda	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Jesús Vázquez Almuíña	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
María Ángeles Vázquez Mejuto	P
Ethel María Vázquez Mourelle	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia X Lexislatura

(actualizada 22 de novembro de 2016)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST
1. Álvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	P			
4. Balseiros Guinarte, Silvestre José	P			
5. Bará Torres, Xosé Luis	BNG			
6. Barahona Martín, Magdalena	EM			
7. Blanco Paradelo, Moisés	P			
8. Blanco Rodríguez, Noela	S			
9. Cal Ogando, Marcos	EM			
10. Casal Vidal, Francisco	EM			
11. Castiñeira Broz, Jaime	P			
12. Castro Domínguez, María Nava	P			
13. Chao Pérez, Luca	EM			
14. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	EM			
15. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
16. Egerique Mosquera, Teresa	P			
17. Fernández Fernández, Raúl	S			
18. Fernández Gil, Cesar Manuel	P			
19. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
20. Fernández Prado, Martín	P			
21. González Vázquez, José	P			
22. Lago Peñas, José Manuel	EM			
23. López Abella, María Susana	P			
24. López Crespo, Carlos Enrique	P			
25. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
26. Merlo Lorenzo, Juan José	EM			
27. Mouriño Villar, Antonio	P			
28. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
29. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
30. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
31. Pazos Couñago, José Alberto	P			

32. Pérez Seco, José Manuel	S			
33. Pierres López, María Luisa	S			
34. Pontón Mondelo, Ana Belen	BNG			
35. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
36. Prado del Rio, Paula	P			
37. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
38. Puy Fraga, Pedro	P			
39. Quinteiro Araujo, Paula	EM			
40. Quiroga Díaz, José Antonio	S			
41. Rivas Cruz, José Luís	BNG			
42. Rodil Fernández, Olaia	BNG			
43. Rodríguez Arias, Marta	P			
44. Rodríguez Estévez, David	EM			
45. Rodríguez Miranda, Antonio	P			
46. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
47. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
48. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
49. Sánchez García, Antón	EM			
50. Santos Queiruga, Carmen	EM			
51. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
52. Toja Suárez, María Dolores	S			
53. Torrado Quintela, Julio	S			
54. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	P			
55. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
56. Vázquez Verao, Puala	EM			
57. Vega Pérez, Daniel	P			
58. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
59. Villares Naveira, Luís	EM			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA

60. Quintana Carballo, Rosa María	P			
61. Vázquez Mejuto, María Ángeles	P			
62. Rey Varela, José Manuel	P			
63. Vázquez Almuiña, Jesús	P			

64. Rodríguez González, Román	P			
65. Conde López, Francisco José	P			
66. Vázquez Mourelle, Ethel María	P			
67. Mato Otero, Beatriz	P			
68. Martínez García, Valeriano	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			
DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO				
71. Burgo López, Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

1. Dación de conta dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente dende a disolución da Cámara o 2 de agosto de 2016 (Art. 57 e 59 do Regulamento do Parlamento de Galicia)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.1. Constitución do Parlamento

2.4.1.3. Validación dos acordos da Deputación Permanente

Resolución da Presidencia, do 14 de novembro de 2016, relativa aos asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da Cámara o día 2 de agosto de 2016

En cumprimento do disposto no artigo 59 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da Cámara o día 2 de agosto de 2016.

A Deputación Permanente do Parlamento de Galicia celebrou, durante o período de disolución da Cámara dende a disolución da IX Lexislatura o día 2 de agosto de 2016, dúas sesións: 4 e 25 de agosto de 2016.

Os asuntos tratados e os acordos adoptados foron os seguintes:

— Sesión do 4 de agosto de 2016

A Deputación Permanente, no punto 1 da orde do día, «elección de vicepresidenta ou vicepresidente», logo de realizada a votación conforme o artigo 36 do Regulamento, elixiu vicepresidenta a dona Marta Rodríguez Arias, por 12 votos a favor, 10 votos en branco e ningunha abstención.

Decaeu, por mor da publicación do Decreto 92/2016, do 1 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, o punto 2, relativo ao debate e votación das solicitudes de convocatoria dun Pleno extraordinario dos GG. PP. do BNG e Mixto (doc. núm. 52113) e do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 52154).

— Sesión do 25 de agosto de 2016

A Deputación Permanente, logo do debate e votacións, rexeitou as solicitudes de celebración urgente dunha reunión da Deputación Permanente por petición dunha quinta parte dos seus membros pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 52248) e dos Grupos Parlamentarios do Bloque Nacionalista e Mixto (doc. núm. 52252) para a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia en relación coa vaga de incendios forestais, por 10 a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

2. Proposicións non de lei en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

2.1 360(10/PNP-000003)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a recuperación polo Goberno galego da xestión e explotación pública directa, de xeito íntegro, do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

Publicación da iniciativa, 6, 03.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, e por iniciativa das súas deputadas e deputados Eva Solla Fernández, Manuel Lago Peñas, Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal, Magdalena Barahona Martín, Juan José Merlo Lorenzo e Luca Chao Pérez, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte
Proposición non de lei, en Pleno, relativa ao Hospital Álvaro Cunqueiro:

Resulta coñecida a circunstancia que amosa que a utilización de fórmulas de colaboración público-privadas, para a posta en marcha de centros hospitalarios, resulta máis custosa e deixa aos centros en mans da xestión privada.

A pesares das múltiples evidencias neste senso, o Goberno Feijóo decidiu que esa sería a fórmula para a construción e xestión para o Novo Hospital de Vigo. Fíxoo, en grande medida, con dúas finalidades: unha, avanzar na privatización paulatina da sanidade, abrindo o negocio ás grandes empresas; e dúas, porque grazas aos principios de *Maastrich* e aos criterios do *Eurostat* o endebedamento dunha colaboración público-privada non computaba coma débeda pública. Feito que permitía ao Goberno Popular maquillar as contas do déficit cumprindo coas esixencias da Europa neoliberal.

Case dende o inicio, o proxecto estrela do presidente Feijóo atopouse coa realidade, cuns evidentes problemas económicos nalgunhas das empresas



compoñentes da UTE, feito que decantaría na modificación do conglomerado empresarial. As dificultades do sistema financeiro, quebras e rescates mediante, traducíronse na imposibilidade para a UTE de acadar a financiación. Situación que significou a parálise durante un ano das obras e a asunción da búsqueda de financiamento por parte da Xunta, incumprindo os pregos de condicións e características do contrato, así coma os prazos de entrega.

Incúmprese, ademais, o principio do modelo PFI que establecía que a financiación debería ser a risco e ventura da UTE, sendo a Consellería a que asumiu un risco impropio.

O modelo PFI tradúcese nunha ineficiente xestión privada do mantemento, provisión enerxética e servizos do centro, pero tamén nun pago anual dun canon que implica que o hospital, polo de agora, non é propiedade real da Consellería. Un canon que supón unha porcentaxe elevada do orzamento sanitario anual, comprometendo o resto de necesidades de investimento público da Consellería de Sanidade.

As consecuencias foron moi negativas dende o comezo: privatización de cociña, lavandaría e mantemento, coa parella mobilidade forzosa de persoal fixo, reconvertidos moitos e moitas de eles e elas en persoal celador. Ao tempo que, incomprensiblemente, a plantilla de celadores e celadoras sufría o recorte das súas atribucións profesionais ao privatizarse parte do seu traballo mediante a figura dos TIGA ou "transporte interno e xestión auxiliar". Afortunadamente, a loita política, sindical e social conseguiu reverter aquela incipiente privatización.

É posible que as deficiencias máis graves se identifiquen na ausencia de servizo de laboratorio central (salvo para as urxencias) e de servizo de esterilización. Viaxando tanto as mostras coma o instrumental nun transporte, por suposto, privado, subcontratado e polo que todas e todos pagamos en troques de ter un hospital íntegro.



A coroa púxo a un traslado feito ás presas, de xeito desorganizado e mal xestionado, cando aínda non remataran obras no hospital. Feito que se complementou con múltiples deficiencias denunciadas durante o primeiro ano do centro.

Durante os últimos anos, sindicatos, colectivos sociais e organizacións políticas teñen reclamado a reversión da concesión para poder recuperar a xestión pública do centro, rematando así cun despropósito que nunca tivo que terse iniciado.

Os incumprimentos dos plegos de condicións e dos criterios de risco económico teñen motivado unha denuncia da AGDSP en instancias europeas.

No Parlamento de Galicia, pola súa banda, foron propostas diversas fórmulas para devolter o centro ao público, tanto a rescisión do contrato motivada polos incumprimentos, coma a compra da Sociedade Concesionaria. Mais o grupo maioritario e o Goberno continúan a facer ouvidos xordos.

Esta inhibición de responsabilidades non debe obviar que a oportunidade de poñer fin a esta situación inxusta, socialmente negativa e gravosa para as arcas públicas segue sendo unha necesidade. Unha necesidade para permitir iniciar a recuperación do que nunca debiera ter saído das mans públicas. Unha oportunidade para iniciar a recuperación da nosa Sanidade Pública.

Por todos estes feitos, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **Proposición Non de Lei:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a devolter o Hospital Álvaro Cunqueiro, a súa xestión e explotación de servizos á xestión directa, integramente pública, mediante as vías administrativas, económicas e legais ao alcance da propia Xunta de Galicia.

Compostela, 21 de Outubro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 21/10/2016 11:12:25

Luis Villares Naveira na data 21/10/2016 11:12:37

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/10/2016 12:08:05

Juan José Merlo Lorenzo na data 21/10/2016 12:08:24

José Manuel Lago Peñas na data 21/10/2016 12:08:36

Paula Vázquez Verao na data 21/10/2016 12:09:00

Carmen Santos Queiruga na data 21/10/2016 12:09:08

Antón Sánchez García na data 21/10/2016 12:09:16

Luca Chao Pérez na data 21/10/2016 12:09:25

Paula Quinteiro Araújo na data 21/10/2016 12:09:32

Magdalena Barahona Martín na data 21/10/2016 12:09:41

Francisco Casal Vidal na data 21/10/2016 12:09:48

David Rodríguez Estévez na data 21/10/2016 12:09:58



Marcos Cal Ogando na data 21/10/2016 12:10:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 13:42
Nº Rexistro: 360
Data envío: 21/10/2016 13:42:11.737



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

2.2 545(10/PNP-000024)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados en relación coa introdución dunha modificación no artigo 74.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referida á posibilidade de regulación polos concellos dunha bonificación na cota íntegra do imposto de bens inmoables

Publicación da iniciativa, 8, 07.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa do seu deputado e portavoz suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recadación do Imposto de Bens Inmóbles foi o instrumento máis utilizado para facer fronte á caída de ingresos dos concellos.

Ésto resulta moi perxudicial e inxusto para os suxeitos pasivos que teñan unha peor situación económica.

De acordo coa normativa legal vixente (arts. 9.1, 12.2 e 15.2 RDL 272004, de Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais, TRLRFL) os concellos poden establecer nas súas Ordenanzas fiscais o réxime de cotas tributarias de conformidade co disposto legalmente, o que inclúe o réxime de bonificacións fiscais (art. 71 TRLRFL), que no caso do IBI remite ao disposto no art. 74.2; apartado e artigo que non prevé bonificación potestativa nengunha en relación coa situación económica do suxeito pasivo nen tampouco en función do Valor Catastral (VC) do inmovible.

Consecuencia do cal, e tendo en conta que a cota do IBI, resultado de aplicar o tipo impositivo ao VC establecido na Ponencia de Valores fixada pola administración estatal tributaria e, no seu caso, as súas actualizacións, non permite expresamente aos concellos para establecer bonificacións sociais das anteriormente sinaladas.

Sendo certo que hai concellos que si as teñen establecido ditas bonificacións en forma de subvencións, tanto a literalidade do TRLRFL como especialmente os pronunciamentos xudiciais ao respecto (STS de 19 de maio de 2014, por exemplo) non amparan normativamente coa debida seguridade xurídica ditas subvencións/bonificacións aprobadas.

Tendo en conta que a plicación do IBI pode resultar moi gravoso para moita xente en condicións de especial vulnerabilidade, e tendo en conta o incremento que dito imposto tivo nos anos da chamada crise, é preciso protexer aqueles casos de persoas con maiores problemas económicos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a solicitar ao Goberno do Estado e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados a levar a cabo e a apoiar a modificación do art. 74.2 TRLRFL aos efectos de incluír como bonificación potestativa a seguinte:

“ Os Concellos, mediante Ordenanza, poderán regular unha bonificación de ata o 90% da cota íntegra do imposto a favor daqueles suxeitos pasivos que acrediten unha situación económica de insuficiencia de rentas familiares, a determinar e concretar na respectiva Ordenanza, a cal tamén poderá modular a cuantía da bonificación en función do valor catastral do inmovible”.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2016.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Portavoz S. do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 31/10/2016 13:44:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2016 13:46
Nº Rexistro: 545
Data envío: 31/10/2016 13:46:37.114

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

2.3 556(10/PNP-000025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención axeitada á interrupción voluntaria do embarazo na rede sanitaria pública, así como os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres do medio rural

Publicación da iniciativa, 10, 09.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 10:26
Nº Rexistro: 556
Data envío: 02/11/2016 10:26:41.347

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e dos deputados **Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luís Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luís Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

A Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto de A Coruña con data de 20 de xullo do ano 2015, entregou no rexistro do Complexo Universitario da Coruña un escrito dirixido ao Xerente do complexo e ás directoras médica e de enfermaría, no que describía:

- Como debería de ser a atención ás mulleres que teñen un aborto no 2º trimestre da xestación, segundo os protocolos internacionais (Conferencia Internacional sobre Poboación e Desenvolvemento, O Cairo 1994 e a súa revisión posterior en Nova York 1999).

- Como non se estaban a cumprir os mínimos que marcan os protocolos, polo que instaba ás autoridades responsábeis a que tomasen as medidas oportunas para garantir unha atención integral e de calidade na atención ás mulleres que precisaban un aborto no 2º trimestre do seu embarazo.

Sen obter resposta algunha por parte da administración, denunciaron ante os medios de comunicación esta situación organizando varias mobilizacións, unha delas diante do Rexistro do CHUAC, onde rexistraron centos de escritos instando ás



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 10:26
Nº Rexistro: 556
Data envío: 02/11/2016 10:26:41.347

autoridades sanitarias a adoptar un protocolo que garanta a atención especializada ás mulleres.

Nos días posteriores á mobilización, foron moitas as testemuñas de mulleres que denunciaron violencia obstétrica non só na área sanitaria da Coruña, senón en outros puntos do país. Moitas delas aseguraron ter expulsado o feto no baño da propia habitación hospitalaria soas, sen acompañamento de ningún profesional sanitario. Outras, denunciaron como o sistema sanitario galego denegaba a interrupción no país, derivando a unha clínica privadas doutro territorio do Estado.

Un deses casos sucedeu na Mariña. Esta muller denunciou ao SERGAS no Xulgado, tras quedar sen útero após terlle sido practicado un aborto euxeánico nunha clínica privada madrileña coa que a Xunta de Galiza mantén un convenio para desenvolver interrupcións do embarazo.

Na sentenza ditada polo Xulgado nº2 de Lugo sinálase “a negligencia médica” coa que se actuou “en todas partes” e ao longo de todo o proceso, desde o atraso á hora de autorizar o aborto (na semana 22) até a derivación da muller a Madrid. Ademais, o maxistrado considera na súa decisión que a “neglixencia denunciada pasa os estándares do tolerábel, do irreprochábel” por mor da “lentitude, falta de reflexos, ignorancia, inoperancia, ineficacia temeraria e falta de sensibilidade” coa que actuou o persoal médico que a atendeu no Hospital da Costa (Burela). O SERGAS foi condenado a pagar 270.000 €.

Este caso pon en evidencia as precarias condicións nas que se levan a cabo os abortos a partir do segundo trimestre de xestación na Galiza pondo en risco a saúde das mulleres que se someten a eles, como reflicte a propia sentenza xudicial, e reaviva de novo o debate arredor do dereito ao aborto coas debidas garantías na rede



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 10:26
Nº Rexistro: 556
Data envío: 02/11/2016 10:26:41.347

sanitaria pública galega.

Por estas razóns formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Non recorrer a sentenza xudicial que condena por negligencia o SERGAS no caso concreto da muller mariñá que perdeu o útero e asumir, como xa fixo publicamente o propio presidente, as consecuencias da súa actuación negligente.

2. Crear dous centros de referencia no país para a atención da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE), un na zona norte e outro da zona sur, con persoal sanitario especializado, co obxecto de garantir a execución dos protocolos internacionais sobre os “Dereitos Sexuais e Reprodutivos” - recoñecidos como dereitos humanos- na rede pública de saúde galega. De ser necesario que o SERGAS convoque prazas nas que se estableza como requerimento que non se declare obxección de conciencia.

3. Fornecer as mulleres da atención axeitada tal e como recollen os protocolos internacionais, garantindo a mesma atención que nun parto (indución, expulsivo e despois deste en sala axeitada, con posibilidade de anestesia epidural e atención por parte de profesionais de xinecoloxía e matrona), incluído o apoio emocional á muller durante todo o proceso, tendo en conta as súas necesidades, inquedanzas e desexos para poder abordar de xeito integral a súa saúde física e psíquica.

4. Dotar os concellos do rural de profesionais de xinecoloxía nos Centro de



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 10:26
Nº Rexistro: 556
Data envío: 02/11/2016 10:26:41.347

Orientación Familiar de referencia, para garantir a atención dos dereitos sexuais e reprodutivos de todas as mulleres, sen discriminacións xeográficas, independentemente de que vivan en zonas rurais ou urbanas.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luís Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2016 10:11:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2016 10:11:43

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2016 10:11:48



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 02/11/2016 10:26

Nº Rexistro: 556

Data envío: 02/11/2016 10:26:41.347

Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2016 10:11:52

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2016 10:11:58

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2016 10:12:17

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

2.4 577(10/PNP-000028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a reversión polo Goberno galego da concesión do
Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, para a súa xestión
pública

Publicación da iniciativa, 10, 09.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 12:28
Nº Rexistro: 577
Data envío: 02/11/2016 12:28:18.519



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputada, **Julio Torrado Quintela, Abel Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A Lei 14/1986 General de Sanidad, consolidou un modelo de xestión directa do sistema nacional de saúde, e a conformación e planificación de infraestruturas e servizos na sanidade guiouse por este camiño constituíndose un dos sistemas sanitarios referentes no mundo.

Modificacións posteriores dos gobernos da dereita impulsaron cambios que abriron a porta á entrada da xestión privada na administración e xestións dos centros sanitarios, e tamén para a prestación de servizos sanitarios mediante acordos con entidades privadas.

Os modelos de Contratos de Colaboración Público – Privada e de Concesión de Obra Pública e de Servizos aplicados ao financiamento de infraestruturas sanitarias públicas é un paso máis na inclusión plena do investimento privado no sector sanitario público. Estes modelos, que están sendo aplicados na realidade actual, xeran un maior custo ao propio sistema público que ten que investir a longo prazo un volume de cartos maior, contribúen a xerar unha débeda pública real que grava a xeracións futuras e diminúen a calidade asistencial, como así teñen referido diferentes informes da Organización Mundial da Saúde.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 12:28
Nº Rexistro: 577
Data envío: 02/11/2016 12:28:18.519



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O caso do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo é paradigmático deste caso, e constitúe o maior exemplo da aplicación destes modelos en Galicia. Este hospital terá un custo para as arcas públicas de 700 millóns de euros a partir de 2017, que implicarán ausencias de investimentos noutras áreas de relevancia para a sanidade galega, mentres que a súa xestión está en discusión polos profesionais sanitarios, que constantemente alegan dificultades na dispoñibilidade de material.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a reverter a concesión de obra do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, converténdoo nun hospital público na súa totalidade, ao igual que os demais hospitais da rede pública do Sergas.

Pazo do Parlamento, 02 de novembro de 2016

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Abel Losada Álvarez
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 02/11/2016 11:44:34

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/11/2016 11:44:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 12:28
Nº Rexistro: 577
Data envío: 02/11/2016 12:28:18.519



 **Grupo Parlamentario**

Noela Blanco Rodríguez na data 02/11/2016 11:44:48

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/11/2016 11:44:55

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

2.5 605(10/PNP-000033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias cos axentes sociais e, sinaladamente, cos sindicatos con representación no sector público para o cumprimento das sentenzas ditadas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea en materia de indemnizacións por remate de contratos laborais

Publicación da iniciativa, 10, 09.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 605
Data envío: 02/11/2016 14:01:19.638



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez e Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea vén de ditar o pasado 14 de setembro deste ano unha sentenza que establece que a indemnización entre contratos indefinidos e temporais non debe de ser diferente solo por este motivo. No asunto *Ana de Diego*, procedente dun preito laboral no ámbito do Ministerio de Defensa, no que o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid formulou a correspondente cuestión prexudicial que motivou esta sentenza. O Tribunal europeo establece que os interinos tamén teñen dereito a percibir unha compensación ao rescindir o seu contrato. Esta é a interpretación final do TSX de Madrid, que adoptou o pasado 5 de outubro para resolver a cuestión.

Na vixente normativa laboral española (Estatuto dos traballadores) os contratos indefinidos teñen unha indemnización de 20 días por ano traballado á súa finalización, fronte a 12 dos temporais, sen que os contratos interinos teñan dereito a ningunha indemnización. Neste fallo do Tribunal comunitario, os xuíces defenden que a indemnización por remate de contrato non pode ser diferente unicamente por razón da súa temporalidade, a duración do contrato non é causa obxectiva, polo que a lexislación española contradí a Directiva 1999/70/CE, e as indemnizacións entre indefinidos e interinos deben de equipararse.

Recentemente tamén a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco ampliou este criterio da xustiza europea aos contratos eventuais, na súa sentenza do 18 de outubro actual, equiparando así o réxime de indemnizacións por fin de contrato entre contratos fixos e contratos eventuais, incluíndo aos traballadores interinos.

Estes recentes pronunciamentos xudiciais afectan esencialmente á normativa laboral básica de competencia estatal e mentres o Goberno do Estado analiza a súa interpretación e posible necesidade de adaptación do Estatuto dos traballadores á Directiva comunitaria incumprida conforme ao pronunciamento

 Grupo Parlamentario

do TXUE, os axentes sociais veñen mostrando a súa preocupación polos efectos destas sentenzas, o que esixe o necesario diálogo social, sen prexuízo da súa necesaria execución nos seus propios termos. Cuestión que, polo demais, afecta tanto ao sector privado como ás administracións públicas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Lémbrese a primacía da xurisprudencia comunitaria ao resolver cuestións prexudiciais segundo o artigo 234 do Tratado CE.

Non obstante a competencia do Estado para negociar e debater a necesaria adaptación da nosa lexislación laboral, a aplicación desta nova doutrina xurisprudencial en materia de indemnizacións por finalización de contratos laborais ten e vai ter unha importante repercusión laboral e económica no noso sector público autonómico.

Ante esta situación preséntase a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que leve a cabo as accións necesarias cos axentes sociais e, sinaladamente, cos sindicatos con representación no sector público para dar efectivo cumprimento ás recentes sentenzas ditadas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea en materia de indemnizacións dos contratos laborais temporais de cara á súa equiparación indemnizatoria cos contratos indefinidos.

Pazo do Parlamento, 28 de outubro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/11/2016 13:56:17

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/11/2016 13:56:34

Noela Blanco Rodríguez na data 02/11/2016 13:56:41

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/11/2016 13:57:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/11/2016 13:57:07

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

2.6 669(10/PNP-000041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego no Banco Popular-Pastor

Publicación da iniciativa, 10, 09.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2016 18:21
Nº Rexistro: 669
Data envío: 03/11/2016 18:21:28.923

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e dos deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luís Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luís Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno**, relativa as medidas a adoptar diante do expediente de regulación de emprego no Banco Popular-Pastor.

O Banco Popular-Pastor ten presentado un expediente de regulación de emprego que afecta ao 20% do seu cadro de persoal, 2.894 traballadores/as na totalidade do Estado, destes, 435, o 25%, desenvolven a súa actividade en Galiza.

Cando o Banco Pastor foi adquirido en 2011 polo Bando Popular, tiña en Galiza 4.100 traballadores/as e 588 oficinas, e representaba arredor do 18% do mercado financeiro galego. A absorción supuxo xa naquel entón -como ten de denunciado o cadro de persoal do banco a través dun intenso calendario de mobilizacións- unha verdadeira operación de liquidación dunha entidade financeira galega, das máis importantes en termos de volume de negocio, número de traballadoras e traballadores e rede de oficinas. Con todo a operación recibiu todo apoio do Goberno galego en mans do Partido Popular, acorde coa súa actuación continua de exercer de delegados do poder.

Agora o Banco Popular pretende dar outro golpe de graza ao que quedou da antiga estrutura do Pastor (máis a rede de oficinas e servizos que en Galiza xa operaban baixo a marca Banco Popular) anunciando o despedimento de 435 empregadas e empregados, do total dos 1.756 que ten a día de hoxe. Este anuncio significa debilitar ao



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2016 18:21
Nº Rexistro: 669
Data envío: 03/11/2016 18:21:28.923

máximo a estrutura do banco en Galiza: supón o peche de 42 oficinas, das 226 existentes, e a ameaza de manter as das localidades máis pequenas abertas só un día á semana. É dicir, perderíanse preto do 25% dos medios humanos e materiais con que o banco conta no noso país.

Este ERE é calificado de innecesario e inxustificado por parte d@s representantes d@s traballadores/as, toda vez que teñen que realizar sistematicamente prolongacións de xornada a causa da falta de persoal, ao que hai que engadir que os informes dos resultados do grupo para o terceiro trimestre deitan beneficios. En todo caso de existir o suposto de “causas económicas”, que alegan, é plena responsabilidade da mala xestión do equipo directivo e en ningún caso d@s traballadores/as.

De consumarse o ERE do Pastor-Popular as consecuencias serán tremendamente negativas. Primeiro polo que significa para Galiza a destrución de 435 postos de traballo directos, estábeis e con dereitos, e segundo, pola implicación moi directa para a comunidade, para a calidade de vida da xente, polo que supón o peche de oficinas bancarias. A desaparición destas, especialmente en pequenas localidades, significa a desaparición dun servizo básico de proximidade coa veciñanza, que se ve obrigada a ter que desprazarse a outro lugar a facer xestións cotiás, pero tamén a desaparición dun indiscutíbel axente de dinamización da economía local.

Por todas as razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento Galego mostra o seu apoio ao cadro de persoal do Banco Popular/Pastor na súa oposición ao ERE de extinción que afecta 435 postos de traballo en Galiza (2.894 no Estado) e na súa defensa do mantemento dos postos de traballo e dos servizos que presta a entidade no noso país, e insta á Xunta de Galiza a:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2016 18:21
Nº Rexistro: 669
Data envío: 03/11/2016 18:21:28.923

- Manter unha posición activa de mediación entre a dirección do Banco Popular e as traballadoras e os traballadores afectados para que o ERE sexa retirado e se abra unha vía de negociación.

- Empregar todos os mecanismos que posúe para frear esta proxectada destrución de postos de traballo.

- Realizar todas as actuacións precisas para o mantemento de oficinas bancarias en todo o ámbito territorial e impedir a exclusión financeira de centos de persoas, sobre de todo maiores e no ámbito rural de Galiza.”

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luís Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2016 18:21
Nº Rexistro: 669
Data envío: 03/11/2016 18:21:28.923

Olalla Rodil Fernández na data 03/11/2016 18:19:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/11/2016 18:20:27

María Montserrat Prado Cores na data 03/11/2016 18:20:33

Noa Presas Bergantiños na data 03/11/2016 18:20:35

Xosé Luis Bará Torres na data 03/11/2016 18:20:38

Ana Pontón Mondelo na data 03/11/2016 18:20:43

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

2.7 714(10/PNP-000049)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 13 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de vender as centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande.

(Procedemento de urxencia)

*Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 10,
09.11.2016*



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 714
Data envío: 04/11/2016 14:41:50.820

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez, Nava Castro Domínguez, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Diego Calvo Pouso, Martín Fernández Prado, Carlos López Crespo, Aurelio Núñez Centeno, Alvaro Pérez López, Paula Prado del Río, José Manuel Balseiro Orol e Encarna Amigo Díaz**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno, polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada, pola necesidade de coñecer en Sede Parlamentaria, a situación na que se atopa Ferroatlántica, tras o anuncio feito polo seu Presidente, o pasado 26 de outubro.

Exposición de motivos

O pasado 26 de outubro fíxose público un comunicado do presidente de Ferroatlántica, Pedro Larrea, que tras xuntarse co comité de empresa europeo recoñeceu que a empresa está decidida a vender a súas centrais hidroeléctricas porque varias compañías eléctricas amosaron o seu interese por compralas.

Como é sabido, hai 400 postos de traballo entre a xestión dos saltos de auga e as fábricas de ferroalixes que a compañía ten nos concellos coruñeses de Cee e Dumbria que non poden correr o máis mínimo risco, exactamente igual que as actividades industriais e enerxéticas.

Como tamén é sabido, a resolución administrativa pola que se autoriza a adquisición por Ferroatlántica dos saltos do río Xallas e Grande contempla unha condición do seguinte tenor literal:

“Non poderán segregarse de Ferroatlántica, S.L. (unipersonal) as actividades de ferroalixes e de produción de enerxía eléctrica polas centrais as que se refire a presente autorización”.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 714
Data envío: 04/11/2016 14:41:50.820

Polo exposto, os deputados asinantes, presentan a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Que faga os estudos técnicos e xurídicos oportunos sobre a anunciada proposta de venda feita por Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas que posúe nos ríos Xallas e Grande, en relación coa súa compatibilidade co condicionado existente nas resolucións administrativas de transmisión da titularidade destas centrais.
2. Que manteña informados puntualmente aos representantes dos traballadores das centrais hidroeléctricas e das fábricas de ferroalixes de Cee e Dumbria dos diferentes acontecementos que vaian xurdindo en relación a esta operación.
3. Que todas as actuacións que realice en relación con este asunto vaian dirixidas a salvagardar os empregos, as actividades industriais e enerxéticas, e a competitividade das empresas”.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/11/2016 13:50:44

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/11/2016 13:53:28

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2016 13:53:43

María Nava Castro Domínguez na data 04/11/2016 13:53:59

Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2016 13:54:26

Marta Novoa Iglesias na data 04/11/2016 13:54:49

Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/11/2016 13:55:06

Diego Calvo Pouso na data 04/11/2016 13:55:28

Martín Fernández Prado na data 04/11/2016 13:55:42

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 714
Data envío: 04/11/2016 14:41:50.820

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 13:56:01
Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 04/11/2016 13:56:15
Álvaro Pérez López na data 04/11/2016 13:56:27
Paula Prado Del Río na data 04/11/2016 13:56:53
José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2016 13:57:13
María Encarnación Amigo Díaz na data 04/11/2016 13:57:33

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

2.8 730(10/PNP-000054)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 13 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo da realización das adaptacións tecnolóxicas necesarias para compatibilizar os dispositivos de cobramento do transporte urbano Vitrasa coa tarxeta Transporte Metropolitano de Galicia. (Procedemento de urxencia)

*Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 10,
09.11.2016*



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 17:20
Nº Rexistro: 730
Data envío: 04/11/2016 17:20:46.851

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Nóvoa Iglesias, Alvaro Pérez López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Nava Castro Domínguez, José Manuel Cores Touris, Teresa Egerique Mosquera, Ignacio López-Chaves Castro, Guadalupe Murillo Solis, Marta Rodríguez Arias, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez e José Manuel Balseiro Orol**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo interese e a importancia que ten para os vigueses e para todos os cidadáns da área que o Concello de Vigo se sume de forma efectiva ao Plan de Transporte Metropolitano que xa está a funcionar noutros 12 municipios desta área desde abril de 2015.

Exposición de motivos

En abril de 2015 botaba a andar o Plan de Transporte Metropolitano na área de Vigo, e facíao cos 12 concellos que subscribiron o convenio coa Xunta: Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, Redondela, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Pazos de Borbén.

Desde entón, nestes municipios véñense aplicando as vantaxes que establece o Plan de Transporte Metropolitano, cun sistema de tarifas máis sinxelo que recolle bonificacións substanciais que supoñen aforros económicos de arredor de 600 euros anuais no caso dos usuarios frecuentes.

Nese momento, por vontade propia, o Concello de Vigo non se adheriu ao Plan de Transporte Metropolitano. Decidiu sumarse meses despois, en xullo deste mesmo ano, cando asinou o convenio de adhesión seguindo o exemplo doutros 12 concellos da área que xa estaban incorporados.

Trátase, sen dúbida, dunha decisión importante para todos os veciños de Vigo e da súa área, dado que a incorporación de Vigo lle permite aos usuarios desfrutar de forma completa das vantaxes que ofrece o Plan de Transporte Metropolitano, co incremento

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 17:20
Nº Rexistro: 730
Data envío: 04/11/2016 17:20:46.851

dos aforros medios ao dispoñer os usuarios de transporte urbano gratuito no caso de que, antes ou despois, utilicen o transporte interurbano para os seus desprazamentos.

Pese a que o Concello de Vigo asinou o convenio de adhesión o pasado 6 de xullo a súa incorporación ao Plan de Transporte Metropolitano aínda non se fixo efectiva, xa que o Concello aínda non levou a cabo as adaptacións tecnolóxicas necesarias para a incorporación do transporte urbano, Vitrasa, ao Plan de Transporte Metropolitano, compromiso escrito que adquiriu persoalmente o alcalde de Vigo co resto dos alcaldes da área metropolitana.

É por isto que, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Concello de Vigo a que leve a cabo, á maior brevidade posible e segundo as condicións acordadas no convenio asinado, as adaptacións tecnolóxicas necesarias para que os dispositivos de cobro do transporte urbano Vitrasa sexan compatibles coa tarxeta Transporte Metropolitano de Galicia, para que os veciños deste municipio e da súa área se poidan beneficiar, canto antes, de todos os descontos previstos no Plan de Transporte Metropolitano”.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/11/2016 17:04:24

Martín Fernández Prado na data 04/11/2016 17:04:32

Jaime Castiñeira Broz na data 04/11/2016 17:04:42

Marta Novoa Iglesias na data 04/11/2016 17:04:48

Álvaro Pérez López na data 04/11/2016 17:04:56

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 17:20
Nº Rexistro: 730
Data envío: 04/11/2016 17:20:46.851

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 04/11/2016 17:05:04

María Nava Castro Domínguez na data 04/11/2016 17:05:15

José Manuel Cores Tourís na data 04/11/2016 17:05:31

Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2016 17:05:48

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 04/11/2016 17:05:56

María Guadalupe Murillo Solís na data 04/11/2016 17:06:16

Marta Rodríguez Arias na data 04/11/2016 17:06:28

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/11/2016 17:06:50

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2016 17:06:57

José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2016 17:07:08

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Resolución da Presidencia, do 18 de novembro de 2016, pola que se admite a trámite o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 1312)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 1312, o escrito remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, polo que se achega o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

En uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolvo:

1.º- Cualificar e admitir a trámite o escrito doc. núm. 1312, remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, polo que se achega o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2.º- Incorporar o dito documento, en cumprimento do acordado na reunión da Xunta de Portavoces do día 15 de novembro de 2016, como punto 2 bis) á orde do día da sesión plenaria prevista para o día 22 de novembro.

3.º- Notificar este acordo ás deputadas e aos deputados e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

4.º- Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:



Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 18/11/2016 11:15:42



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Achégolle certificado do acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira –modificado polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Asemade, achégase o informe de estratexia financiero-fiscal, igualmente establecido naquel precepto legal.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias




Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA



ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE
GALICIA,


CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezasete de novembro de dous mil dezaseis adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1. O límite máximo de gasto non financeiro da Xunta de Galicia no 2017 fíxase en 9.063 millóns de euros.
2. Este límite poderá axustarse na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da Administración Xeral do Estado.
3. O vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remitirá ao Parlamento de Galicia o presente acordo acompañado da documentación á que refire o parágrafo 1 do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia.

E para que conste asino a presente, co visto e praxe do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a dezasete de novembro de dous mil dezaseis.

Visto e praxe
O PRESIDENTE





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

Informe de estratexia económico-financeira

Novembro 2016



Índice

1. Introducción.....	3
2. Informe sobre a posición cíclica da economía galega.....	5
2.1. O entorno internacional da economía galega	6
2.2. Situación da economía española.....	15
2.3. Evolución recente da economía galega	22
2.4. O escenario macroeconómico 2015 - 2018	28
2.5. Crecemento potencial e <i>output gap</i>	30
2.6. Saldo orzamentario axustado ciclicamente.....	32
2.7. Taxa de referencia de crecemento da economía galega.....	33
3. Envolvente financeira plurianual da comunidade autónoma.....	34
4. Límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado.....	46
Anexo. Cálculo do <i>output gap</i> e do saldo cíclico.....	49



1. Introducción

A presentación do límite de gasto para 2017 ven condicionada polas particularidades do ciclo político na comunidade autónoma de Galicia, malia que tamén están fortemente condicionadas pola longa situación de interinidade do Goberno de España, ambas situacións fixeron imposible a concreción dun escenario financeiro como os que cada ano se viñan presentando a finais de xuño.

Como é sabido, a Lei de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, aprobada como Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, establece que no primeiro semestre de cada ano, o Goberno de España, mediante acordo do Consello de Ministros, e previo informe do Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria dos diferentes niveis de administración territorial, que se medirán en termos de necesidade ou capacidade de financiamento segundo a definición do sistema europeo de contas nacionais e rexionais; no mesmo acordo fixará os obxectivos de endebedamento público.

Para a fixación do devandito obxectivo terase en conta a regra de gasto definida no artigo 12 da mesma lei orgánica e o saldo estrutural acadado no exercicio inmediato anterior.

A proposta de fixación dos obxectivos de estabilidade e débeda pública estará acompañada dun informe no que se avalíe a situación económica que se prevé para o horizonte temporal de fixación de obxectivos, que serán os vindeiros tres anos.

Este informe será elaborado polo Ministerio competente en materia de Economía, previa consulta ao Banco de España, e tendo en conta as previsións do Banco Central Europeo e da Comisión Europea. Conterá o cadro macroeconómico plurianual no que especificarán, entre outras variables, a previsión de evolución do PIB, a fenda de produción, a taxa de referencia de crecemento do PIB a medio prazo do gasto público e o saldo cíclico do conxunto das administracións públicas, distribuído entre os seus subsectores.

A taxa de referencia de crecemento do PIB a medio prazo da economía española calcularase de acordo coa metodoloxía empregada pola Comisión Europea. Esta taxa será a referencia a ter en conta por todas as comunidades autónomas na elaboración dos seus respectivos orzamentos.

Por último, o artigo 30 da citada lei orgánica recolle a obriga de elaborar un teito de gasto para as comunidades autónomas, como xa establecía o artigo 12 da Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia, ao sinalar que as comunidades autónomas aprobarán un



límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Antes do 1 de agosto de cada ano, as comunidades autónomas remitirán ao Consello de Política fiscal e Financeira información sobre o límite de gasto non financeiro aprobado en cada caso.

Esta data superase amplamente coa presentación do presente límite de gasto, perante a imposibilidade de presentar o devandito límite sen a información que atinxe aos ingresos do sistema de financiamento, ao non poder ser estes estimados consonte ás previsións de recadación do vindeiro exercicio. As devanditas previsións concrétanse no teito de gasto da administración xeral do estado, cuxa presentación foi imposible ata o de agora dada a recente formación do novo Goberno de España.

Por tanto, as contías que se inclúen no presente documento correspondentes aos ingresos do sistema de financiamento corresponden a unha estimación moi prudente da súa evolución para Galicia, á espera da súa confirmación no proxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma.

Por outra banda, o obxectivo de estabilidade orzamentaria tido en conta é o último aprobado no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira, pendente de ratificación polas Cortes dende o pasado mes de maio.

A elaboración duns orzamentos consistentes que permitan seguir a executar o Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 fai preciso retomar canto antes os traballos de aprobación do plan financeiro para o vindeiro exercicio unha vez superado o parón electoral.

Como é sabido, con carácter previo á elaboración dos orzamentos de cada exercicio, a Xunta de Galicia debe proceder á fixación do límite de gasto non financeiro da comunidade autónoma; este obtense da proxección dos ingresos previstos para o vindeiro exercicio, dos axustes de contabilidade nacional que podan corrixir o resultado orzamentario e do obxectivo de capacidade ou necesidade de financiamento aprobado para dito ano.

Para analizar a envolvente financeira da comunidade autónoma convén estudar o cadro macro elaborado polo Ministerio de Economía no pasado mes de maio e modificado o pasado 15 de outubro, os informes de conxuntura que poidan modificar os anteriores, así como as particularidades macro propias da nosa comunidade autónoma desenvolvidas polos modelos do Instituto Galego de Estatística (IGE).

Por iso elabórase un estudo sobre a posición da economía galega nun horizonte plurianual e un escenario macroeconómico. Este informe enmárcase tamén no artigo 11.2 da Lei de Galicia



2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, que indica que ao acordo do Consello da Xunta sobre o límite de gasto achegáraselle un informe de estratexia financeiro - fiscal, que fixará o marco orzamentario para os tres exercicios seguintes e ao que se axustarán anualmente os orzamentos xerais da comunidade autónoma.

2. Informe sobre a posición cíclica da economía galega

As previsións financeiras contidas neste informe parten da estimación da envolvente económica de Galicia nos vindeiros anos. Así mesmo os parámetros tidos en conta para o cumprimento das diferentes regras fiscais que segue a comunidade autónoma deben atopar encaixe na devandita envolvente.

A Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos escenarios orzamentarios da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o Instituto Galego de Estatística, como axente responsable do subsistema de prospectiva económica, elaborará informes de situación económica que sirvan de base para a fixación dos escenarios e que deberán conter, como mínimo o seguinte:

- a. Un cadro macroeconómico que explique a evolución en termos reais do PIB desde a óptica da demanda, así como a evolución do PIB en termos nominais.
- b. Unha análise de posición cíclica da economía galega e saldo cíclico do sector público autonómico de Galicia, crecemento potencial, output gap e saldo cíclico orzamentario
- c. Un cálculo da taxa de crecemento medio de referencia nominal e real de Galicia.

Tamén preceptúa a antedita norma que a Consellería de Facenda velará por que a planificación orzamentaria se basee en previsións macroeconómicas e orzamentarias realistas, empregando en cada escenario a información máis actualizada.

Indica, ademais, que a planificación orzamentaria basearase no escenario macroeconómico máis probable ou nun escenario máis prudente. As previsións macroeconómicas compararanse coas máis actualizadas da Comisión Europea, do ministerio competente en materia de facenda e, no seu caso, coas doutros centros relevantes de prospectiva públicos ou privados independentes. As diferenzas importantes haberán de xustificarse, de xeito especial se os niveis de crecemento das variables se afastan dos valores expostos nas outras previsións de referencia.



2.1. O entorno internacional da economía galega

O crecemento da economía mundial previsto para o ano 2016 estará entre o 2,9% e o 3,1% segundo os principais organismos internacionais elaboradores de previsións. Este prognóstico significa unha moderación no crecemento da economía mundial, cun crecemento lixeiramente inferior ao do ano anterior. Para o ano 2017 espérase unha mellora máis significativa, os tres organismos coinciden nun crecemento mundial do produto interior bruto dunhas tres décimas superior ao do ano anterior. Estas previsións, nas que coinciden basicamente o Fondo Monetario Internacional (FMI), a Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos (OCDE) e a Comisión Europea, suxiren un crecemento máis moderado no ano 2016 e un alza nos seguintes anos, o que significa que a recuperación económica mundial continúa pero a un ritmo máis moderado, motivado polo débil crecemento das economías avanzadas, que non se compensa co fortalecemento das economías dos mercados emerxentes. Esta fragilidade débese principalmente a unha menor demanda polo crecemento máis lento do comercio internacional e a unha continuada baixa inflación. As previsións para os próximos anos están suxeitas a riscos importantes á baixa, como proceso de abandono do Reino Unido da Unión Europea e as tensións xeopolíticas.

Cadro 1

Previsións macroeconómicas. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI (outubro 2016)		OCDE (setembro 2016)		Comisión Europea (novembro 2016)	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017
PIB Mundial	3,1	3,4	2,9	3,2	3,0	3,4
Área Euro*	1,7	1,5	1,5	1,4	1,7	1,5
Francia	1,3	1,3	1,3	1,3	1,3	1,4
Alemaña	1,7	1,4	1,8	1,5	1,9	1,5
Italia	0,8	0,9	0,8	0,8	0,7	0,9
Portugal**	1,0	1,1	1,2	1,3	0,9	1,2
España**	3,1	2,2	2,8	2,3	3,2	2,3
Reino Unido	1,8	1,1	1,8	1,0	1,9	1,0
Estados Unidos	1,6	2,2	1,4	2,1	1,6	2,1
Xapón	0,5	0,6	0,6	0,7	0,7	0,8
Marrocos	1,8	4,8	--	--	--	--
México**	2,1	2,3	2,6	3,0	2,0	2,2
Brasil	-3,3	0,5	-3,3	-0,3	-3,1	0,9
China	6,6	6,2	6,5	6,2	6,6	6,2
India	7,6	7,6	7,4	7,5	7,4	7,4
Comercio mundial de bens e servizos**	2,3	3,8	2,1	3,2	--	--

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(*) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 15 países

(**) No Interim Economic Outlook de setembro da OCDE non se inclúen as previsións destes países



Os crecementos esperados para o conxunto da economía global encerran diferenzas significativas por áreas. Utilizando como fonte de información o FMI, as economías avanzadas¹ crecerán un 1,6% en 2016 e un 1,8% en 2017, con diferenzas entre os distintos países: Estados Unidos, logo dun crecemento no 2016 inferior ao do ano anterior, volverá no 2017 a taxas superiores ao 2%, e Canadá e Xapón manterán unha senda crecente. En senso contrario, prevese unha desaceleración do crecemento na zona euro e Reino Unido, motivado principalmente polas repercusións do Brexit. Aínda que as economías emerxentes e desenvolvidas² serán o motor de crecemento da economía mundial, cun incremento en 2016 do 4,2% (dúas décimas máis que o ano anterior), que se incrementará ata o 4,6% en 2017, o crecemento será inferior á media dos últimos anos e a situación moi desigual por países: mentres que se prevé unha desaceleración da economía de China, países como Brasil e Rusia están a saír da recesión.

Para o ano 2016, comparando coas estimacións previas elaboradas polos mesmos organismos e se consideramos unicamente as principais economías, os novos prognósticos do FMI, da OCDE e da Comisión Europea soamente melloran ou manteñen o crecemento proposto anteriormente de Alemaña, España, Reino Unido, Brasil, China e India.

Cadro 2

Previsións 2016. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI		OCDE		Comisión Europea	
	Xullo	Outubro	Xuño	Setembro	Maio	Novembro
PIB Mundial	3,1	3,1	3,0	2,9	3,1	3,0
Área Euro*	1,6	1,7	1,6	1,5	1,6	1,7
Francia	1,5	1,3	1,4	1,3	1,3	1,3
Alemaña	1,6	1,7	1,6	1,8	1,6	1,9
Italia	0,9	0,8	1,0	0,8	1,1	0,7
Portugal**	1,4	1,0	1,2	1,2	1,5	0,9
España**	2,6	3,1	2,8	2,8	2,6	3,2
Reino Unido	1,7	1,8	1,7	1,8	1,8	1,9
Estados Unidos	2,2	1,6	1,8	1,4	2,3	1,6
Xapón	0,3	0,5	0,7	0,6	0,8	0,7
Marrocos	2,3	1,8	—	—	—	—
México**	2,5	2,1	2,6	2,6	2,2	2,0
Brasil	-3,3	-3,3	-4,3	-3,3	-3,7	-3,1
China	6,6	6,6	6,5	6,5	6,5	6,6
India	7,4	7,6	7,4	7,4	7,4	7,4
Comercio mundial de bens e servizos**	2,7	2,3	2,1	2,1	—	—

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(*) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 15 países

(**) No Interim Economic Outlook de setembro da OCDE non se inclúen as previsións destes países

¹ Estados Unidos, zona euro, Xapón, Reino Unido, Canadá son as principais economías incluídas neste grupo.

² Rusia, China, India, Indonesia, Malasia, Brasil, México, Arxentina, países do norte de África e de Oriente medio e subsaharianos forman este grupo.



Para o 2017, as previsións máis recentes, as da Comisión Europea de novembro, rebaixan tres décimas a taxa de crecemento da área do euro sobre a predición anterior, por un peor comportamento das principais economías respecto ao previsto anteriormente. Para Reino Unido a revisión á baixa foi máis forte, do 1,9% ao 1,0% como consecuencia da incerteza sobre o Brexit.

Cadro 3

Previsións 2017. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI		OCDE		Comisión Europea	
	Xullo	Outubro	Xuño	Setembro	Maio	Novembro
PIB Mundial*	3,4	3,4	3,3	3,2	3,4	3,4
Área Euro*	1,4	1,5	1,7	1,4	1,8	1,5
Francia	1,2	1,3	1,5	1,3	1,7	1,4
Alemaña	1,2	1,4	1,7	1,5	1,6	1,5
Italia	1,0	0,9	1,4	0,8	1,3	0,9
Portugal**	1,3	1,1	1,3	1,3	1,7	1,2
España**	2,1	2,2	2,3	2,3	2,5	2,3
Reino Unido	1,3	1,1	2,0	1,0	1,9	1,0
Estados Unidos	2,5	2,2	2,2	2,1	2,2	2,1
Xapón	0,1	0,6	0,4	0,7	0,4	0,8
Marrocos	4,1	4,8	--	--	--	--
México**	2,6	2,3	3,0	3,0	2,4	2,2
Brasil	0,5	0,5	-1,7	-0,3	0,3	0,9
China	6,2	6,2	6,2	6,2	6,2	6,2
India	7,4	7,6	7,5	7,5	7,4	7,4
Comercio mundial de bens e servizos**	3,9	3,8	3,2	3,2	--	--

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(*) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 15 países

(**) No Interim Economic Outlook de setembro da OCDE non se inclúen as previsións destes países

Nos seguintes parágrafos detállanse estas previsións para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións comerciais e que, por tanto, teñen unha maior influencia na economía galega. Estes países son Estados Unidos, Xapón, China, India, os principais da zona euro, Reino Unido e Marrocos. Para o seguimento dos países utilízanse principalmente os datos da Comisión Europea, que publicou o 9 de novembro deste ano e comentaranse as principais discrepancias coas previsións do FMI (actualizadas en outubro) e as da OCDE (actualizadas en setembro agás as de Portugal e España).

As proxeccións informan de que a recuperación económica na zona euro continuará no período 2016-2017, aínda que as taxas de crecemento serán inferiores ás do ano anterior; esta recuperación baséase na mellora da demanda interna, apoiada por unha política monetaria acomodaticia, unha política fiscal favorable, os aínda baixos prezos do petróleo e a mellora no mercado de traballo. Pola contra, prevese que a decisión do Reino Unido de deixar a Unión



Europea afecte negativamente, cun descenso nas exportacións, que afectará de distinta forma a cada país segundo os vínculos comerciais que manteñan con este país. En 2016 o FMI e a Comisión Europea coinciden en que o PIB crecerá o 1,7%, tres décimas menos que o ano anterior, e a OCDE estima un crecemento dúas décimas inferior; en 2017 o PIB incrementarase nun 1,5%, dúas décimas menos que o ano anterior segundo a Comisión Europea e o FMI, mentres que a OCDE prevé un crecemento do 1,4%, unha décima inferior ao previsto para o ano anterior.

Por países dentro da zona euro, as perspectivas da Comisión Europea para 2016 apuntan a un crecemento sostido nas principais economías, co mesmo crecemento que no ano anterior en España (3,2%), Francia (1,3%) e Italia (0,7%), un maior incremento en Alemaña (1,9% en 2016 fronte ao 1,7% en 2015), mentres que Portugal minorará o seu crecemento (0,9%) respecto do ano anterior (1,6%). As previsións da OCDE e do FMI rebaixan as estimacións respecto ás da Comisión Europea para Alemaña, 1,8% e 1,7%, respectivamente, e España para a que o FMI prevé un crecemento do 3,1% e a OCDE (xuño) do 2,8%; o FMI eleva unha décima as previsións de Italia (0,8%) e Portugal (1,0%) respecto ás da Comisión.

As previsións para 2017 da Comisión Europea amosan un maior crecemento que no ano 2016 nas principais economías agás en Alemaña e España, onde diminúe con respecto ao ano anterior ata o 1,5% no caso de Alemaña e o 2,3% en España. Así, o crecemento de Francia será do 1,4%, o de Italia do 0,9% e o de Portugal do 1,2%. De novo, as previsións do FMI baixan estas estimacións para case todos estes países da área euro; o crecemento de Alemaña no 2017 será do 1,4%, o de Francia 1,3%, o de Portugal 1,1%, o de España 2,2% e coinciden na previsión para Italia. En senso contrario, as previsións da OCDE melloran as perspectivas respecto das da Comisión para Portugal e coinciden na estimación para Alemaña e España.

No principal país da UE que queda fóra da zona euro, o Reino Unido, as perspectivas para o ano 2016 son dun crecemento do 1,9%, inferior en tres décimas ao do ano precedente aínda que superior á media da zona euro. Para 2017 o crecemento tamén será inferior ao do ano anterior, 1,0%. As previsións do FMI e da OCDE empeoran as estimacións da Comisión Europea para o ano 2016, con crecemento do 1,8% e no 2017 o FMI prevé un crecemento do 1,1%, unha décima superior ao da Comisión Europea e a OCDE. O abandono do Reino Unido da Unión Europea provocou unha revisión importante á baixa das perspectivas de crecemento da economía británica no ano 2017, baseado nun descenso no investimento, así como un crecemento máis lento do consumo privado.

En Estados Unidos as últimas previsións tanto da Comisión Europea como do FMI revisaron á baixa o crecemento para 2016, ata o 1,6%, o que supón un menor crecemento respecto dos anos anteriores, debido principalmente a un descenso no investimento por unha baixada no



prezo da enerxía e a apreciación do dólar, ademais da incerteza sobre os resultados electorais. Para o ano 2017 prevese unha aceleración no crecemento, 2,1%, a medida que se reduzan os efectos anteriores. As previsións do FMI coinciden para o ano 2016 e superan nunha décima as da Comisión Europea en 2017, 2,2%.

En Xapón as últimas previsións mostran un débil crecemento desta economía nos dous próximos anos; para o 2016, oscilan entre o 0,5% do FMI e o 0,7% da OCDE; e para o ano 2017 os tres organismos prevén un crecemento unha décima superior ao do ano anterior. O retraso na implantación dun imposto sobre o consumo e a política monetaria expansiva favorecen o crecemento da economía nipona mentres que a diminución da poboación e a apreciación do *yen* exercen o efecto contrario.

A desaceleración da economía china continuará nos próximos anos debido ao proceso de reequilibrio que se está a producir. As últimas previsións do FMI e da Comisión Europea estiman un crecemento do 6,6% en 2016 e a OCDE do 6,5% e un crecemento inferior no ano 2017, 6,2% segundo os tres organismos. Na India as previsións para o 2016 oscilan entre o 7,6% do FMI e o 7,4% da Comisión e a OCDE, mentres que para o 2017 a estimación máis baixa é a da Comisión, 7,4%.

Utilizando os datos do FMI, a economía de Marrocos crecerá o 1,8% en 2016, 2,7 puntos por debaixo do crecemento do ano anterior, e volverá a rexistrar un forte crecemento en 2017, 4,8%.

A Comisión Europea tamén ofrece nas súas previsións o perfil dos crecementos trimestrais. O gráfico 1 presenta o crecemento intertrimestral previsto para as principais economías europeas, Estados Unidos e Xapón para o último trimestre de 2016 e o ano 2017. Para os tres primeiros trimestres de 2016 recóllense as estimacións difundidas por Eurostat (ou OCDE no caso de Xapón) en lugar das previsións.



Gráfico 1

Previsións crecemento intertrimestral do PIB en 2016 e 2017







Gráfico 1 (continuación)



Fonte: Comisión Europea

Á vista destes gráficos obsérvase un comportamento dispar entre as principais economías avanzadas nos dous anos. Mentres que en Alemaña, Italia e España as taxas de crecemento intertrimestral a principios do ano 2016 son superiores ás de finais de ano, Reino Unido acadou o seu maior crecemento no segundo trimestre e Estados Unidos no terceiro para logo diminuír progresivamente ao avanzar o ano. No 2017 as taxas intertrimestrais tenden a estabilizarse, agás en Xapón que amosa máis variacións.

En termos de taxas interanuais os crecementos son os que se mostran no gráfico 2, e obsérvase un comportamento distinto entre as principais economías avanzadas nos dous anos. Mentres que en España e Reino Unido as taxas de crecemento interanual a principios do ano 2016 son superiores ás de finais de ano, Alemaña, Estados Unidos e Xapón incrementarán o seu crecemento ao avanzar o ano. No 2017 Alemaña, Francia, Italia e Portugal amosan unha senda crecente mentres que España, Reino Unido, Estados Unidos e Xapón diminuirán o seu crecemento a finais de ano.

No gráfico 2 recóllense as taxas de crecemento interanual previstas pola Comisión Europea. Igual que no gráfico anterior, os tres primeiros trimestres de 2016 amosan datos observados.



Gráfico 2

Previsións crecemento interanual do PIB en 2016 e 2017







Gráfico 2 (continuación)



Fonte: Comisión Europea



2.2. Situación da economía española

Os datos máis recentes de crecemento económico para España amosan unha fase de expansión da economía; así o PIB rexistrou un incremento intertrimestral no segundo trimestre do 0,8%, a mesma taxa que nos dous trimestres anteriores. En termos de taxa interanual, o crecemento foi similar ao do trimestre precedente. A continuación detállase o comportamento da economía española no segundo trimestre do ano comparado co primeiro trimestre para mostrar a tendencia a curto prazo da mesma.

O PIB xerado pola economía española no segundo trimestre de 2016 rexistrou un crecemento do 3,4% respecto ao mesmo período do ano anterior, igual que no trimestre anterior.

Analizando as dúas grandes compoñentes do PIB español dende a óptica do gasto obsérvase unha achega menor da demanda nacional, contrarrestada pola maior achega da demanda externa. Así, por unha parte, a achega da demanda nacional ao PIB é de 3,0 puntos porcentuais, sete décimas menor que á rexistrada no trimestre precedente e, por outra, a demanda externa mellora a súa achega ao crecemento agregado sete décimas con respecto ao trimestre precedente, situándose en 0,4 puntos porcentuais.

Cadro 4

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)								
Operacións	2014	2015	2015				2016	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	1,1	2,6	2,1	2,4	3,0	3,1	3,3	2,8
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	1,6	2,9	2,4	2,5	3,3	3,2	3,7	3,4
-Gasto en consumo final das AAPP	-0,3	2,0	1,0	1,9	2,3	2,7	2,0	0,7
Formación bruta de capital	5,4	6,5	5,5	6,6	7,0	6,9	5,9	4,4
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	1,9	3,3	2,7	3,2	3,7	3,7	3,7	3,0
Exportacións de bens e servizos	4,2	4,9	4,6	5,0	4,9	5,0	4,3	7,2
Importacións de bens e servizos	6,5	5,6	4,8	5,5	6,2	6,1	5,9	6,4
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	1,4	3,2	2,7	3,1	3,4	3,6	3,4	3,4

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE)

O gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF experimenta un crecemento interanual este trimestre do 3,4%, tres décimas inferior á taxa rexistrada no trimestre precedente, como consecuencia do comportamento conxunto de todas as súas compoñentes.



O gasto en consumo final das AA.PP. rexistra un crecemento do 0,7%, 1,3 puntos menos que no trimestre anterior.

A formación bruta de capital presenta unha taxa de crecemento do 4,4%, 1,5 puntos inferior ao rexistro do trimestre precedente. Segundo o tipo de activos, a demanda de activos materiais presenta unha taxa do 3,8%, 1,2 puntos menor que a do primeiro trimestre; a inversión en produtos da propiedade intelectual aumenta un 3,5%, 0,9 puntos menos que no trimestre anterior.

O investimento en activos de construción aumenta un 2,1%, un punto menos que no trimestre precedente, debido tanto á inversión en vivenda como en outras construcións.

A inversión en bens de equipo rexistra un crecemento do 6,2% fronte ao 7,8% do trimestre anterior, en sintonía cos indicadores de produción e cifra de negocios industrial e de comercio exterior deste tipo de bens.

A achega da demanda externa da economía española ao PIB trimestral neste período foi de 0,4 puntos porcentuais, sete décimas maior que á do trimestre precedente (-0,3 puntos porcentuais); resultado que se produce porque tanto as exportacións como as importacións presentan crecementos superiores aos do trimestre precedente, aínda que o incremento das vendas exteriores é máis acusado. As exportacións de bens e servizos melloran o seu crecemento en case tres puntos, pasando do 4,3% ao 7,2% e este maior crecemento prodúcese en todos os apartados das exportacións. Así, no de bens o crecemento pasa do 2,7% ao 5,7%, nos servizos soben un 10,7%, o que supón unha melloría de 2,6 puntos e, dentro destes, as compras dos non residentes rexistran un crecemento do 6,2%, superior en 0,9 puntos ao dato do primeiro trimestre.

Pola súa parte, as importacións creceron un 6,4%, 0,5 puntos máis que no trimestre precedente. As importacións de bens aumentan o 5,6%, 1,4 puntos máis que no primeiro trimestre; as de servizos rexistran unha taxa do 10,0%, co que minoran en 4,0 puntos en relación ao trimestre precedente debido, en parte, ás compras dos residentes no resto do mundo, que rexistran un crecemento do 19,4% fronte ao 27,6% do trimestre anterior.

Dende a perspectiva da oferta, a nivel de agregado, o sector primario e a construción amosan un peor comportamento que no trimestre precedente, mentres que a industria e os servizos rexistran un crecemento dúas décimas superior ao do primeiro trimestre.



Cadro 5

España. Produto Interior Bruto e os seus compoñentes. Oferta. Índices de volume								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)</i>								
Operacións	2014	2015	2015				2016	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-1,6	-2,9	-6,5	-4,3	-4,3	3,9	3,0	2,5
Industria	1,8	5,5	5,3	5,6	6,1	4,9	3,3	3,5
- Industria manufacturera	3,1	7,0	6,1	6,9	7,9	7,0	5,0	4,7
Construción	-1,2	0,2	-0,2	-0,4	0,1	1,1	1,7	1,1
Servizos	1,4	2,6	2,2	2,6	2,9	2,9	3,3	3,5
Impostos netos sobre os produtos	2,9	6,7	6,2	6,6	6,9	7,0	4,7	4,0
PRODUCTO INTERIOR BRUTO a precios de mercado	1,4	3,2	2,7	3,1	3,4	3,6	3,4	3,4

Fuente: Contabilidad nacional trimestral (INE)

As ramas agraria, gandeira e pesqueira desaceleran o seu crecemento ao pasar do 3,0% ao 2,5%, as industriais melloran dúas décimas, do 3,3% ao 3,5%, aínda que a industria manufacturera diminúe en dúas décimas o seu crecemento, do 5,0% do primeiro trimestre ao 4,7% no segundo. A construción crece o 1,1%, seis décimas menos que o trimestre anterior.

Por último, os servizos melloran en dúas décimas o crecemento do trimestre anterior, do 3,3% ao 3,5%. A rama de Comercio, transporte o hostalería, que crece o 4,9% fronte ao 4,5% do primeiro trimestre, e a de Actividades inmobiliarias, cunha taxa do 1,2%, superior en seis décimas á do trimestre anterior, son as que amosan mellor comportamento. Porén, empeoran as Actividades financeiras, cunha taxa do -1,7%, fronte ao -0,4% do primeiro trimestre e as Actividades profesionais que, cun crecemento do 7,5% minoran en dúas décimas o rexistro do trimestre anterior.

O emprego, medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra un crecemento do 2,7%, catro décimas inferior ao do trimestre precedente. Esta evolución supón un incremento neto de 458.000 empregos equivalentes a tempo completo nun ano. O sector primario, a industria e os servizos presentan comportamentos máis desfavorables en termos de emprego, mentres que a construción amosa un crecemento similar ao do trimestre precedente.

O número de horas efectivamente traballadas polas persoas ocupadas na economía aumenta un 2,6%, cinco décimas menos que no primeiro trimestre. Con este crecemento da actividade e do emprego, a produtividade aparente por posto de traballo equivalente aumenta en catro décimas, dende o 0,3% ata o 0,7%, e a produtividade por hora traballada rexistra un crecemento do 0,8%, seis décimas superior ao do trimestre precedente.



Cadro 6

España. Postos de traballo equivalentes a tempo completo								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)</i>								
	2014	2015	2015				2016	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	0,8	1,2	-4,8	1,1	4,3	4,6	5,1	1,2
Industria	-1,2	1,6	1,4	2,0	1,8	1,4	1,8	1,3
- Industria manufacturera	-1,3	2,0	1,6	2,3	2,2	1,9	2,5	1,9
Construción	-3,1	6,6	7,9	7,5	5,8	5,2	1,5	1,5
Servizos	1,8	3,0	3,1	3,0	3,0	3,0	3,3	3,1
TOTAL POSTOS DE TRABAJO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	1,1	3,0	2,8	3,0	3,0	3,0	3,1	2,7

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE)


Estes datos do segundo trimestre de 2016 confirman o forte ritmo de crecemento económico de España. As previsións da Comisión Europea que se mostraban nos gráficos 1 e 2 estiman que os crecementos interanuais do PIB nos restantes trimestres do ano serán lixeiramente inferiores, chegando a unha taxa interanual do 2,9% no último trimestre do ano. En termos de taxa intertrimestral a Comisión Europea prevé unha contención no crecemento da economía española, cun descenso gradual das taxas, 0,7% no terceiro trimestre (a estimación avance do INE confirma esta taxa) e 0,6% no último trimestre do ano.

No que respecta ao crecemento esperado para 2016 e 2017, o escenario do Goberno prevé un crecemento do PIB en 2016 do 2,9% e do 2,3% en 2017. As estimacións da Comisión Europea (as máis recentes, do mes de novembro) estiman que o PIB se incrementará un 3,2% no 2016 e un 2,3% en 2017. O FMI prognostica un crecemento unha décima inferior nos dous anos, un 3,1% en 2016 e en un 2,2% en 2017. A OCDE (de xuño de 2016) prevé un crecemento do 2,8% en 2016 e do 2,3% en 2017.

A estimación de consenso dos organismos privados (actualizadas en novembro) é dun crecemento do 3,2%. A media das estimacións do Goberno, do Banco de España e dos principais organismos públicos internacionais sitúase no 3,0%. Considerando todos os organismos públicos e privados o crecemento da economía nacional para o ano 2016 sitúase entre un 3,1%. O gráfico 3 mostra as distintas previsións.




Gráfico 3



Fontes: Funcas, OCDE, FMI, Comisión Europea, Banco de España e Gobierno de España

Para o ano 2017 a previsión máis elevada estima un crecemento do 2,6% e a menor do 2,1%. A estimación de consenso dos organismos privados é dun crecemento do 2,4%, unha décima superior á do Banco de España, Gobierno, Comisión Europea e OCDE.

Gráfico 4



Fontes: Funcas, OCDE, FMI, Comisión Europea, Banco de España e Gobierno de España



Dos parágrafos anteriores dedúcese que todos os organismos nacionais e internacionais prevén unha estabilización no crecemento no ano 2016 e unha desaceleración da economía española no ano 2017.

A análise das previsións para o ano 2016 desde a perspectiva da demanda segundo o Goberno e os organismos internacionais indica que a expansión do PIB seguirá sustentándose na fortaleza da demanda nacional.

Dentro desta, o consumo privado mantén un forte crecemento, entre un 3,3% previsto polo Goberno e o FMI e un 3,1% da OCDE; baseado no bo comportamento do mercado de traballo, a contención dos prezos, a reforma fiscal e unhas condicións financeiras favorables.

O consumo das AA.PP. e a formación bruta de capital fixo diminuirán o seu crecemento nos dous próximos anos. A previsión de crecemento do consumo das AA.PP. no ano 2016 varía entre o 0,9% do FMI e a Comisión Europea e o 1,5% da OCDE, por debaixo do crecemento do 2,0% do ano 2015. A previsión máis optimista para a formación bruta de capital fixo no ano 2016 é a do Goberno (5,4%), seis décimas por debaixo do crecemento do ano 2015; tanto a Comisión Europea como o FMI prevén un crecemento do 4,2%.

O crecemento esperado para 2017 é menor que para o 2016 segundo os catro organismos e xustifícase nunha moderación da demanda nacional. O consumo privado moderará o seu crecemento na medida en que perdan forza os elementos que favoreceron a súa expansión nos anos anteriores. A Comisión Europea e o FMI prevén un menor incremento tanto das exportacións como das importacións que no ano anterior; o Goberno e a OCDE estiman un maior aumento das exportacións que no ano 2016 e un descenso das importacións.

No cadro 7 presentamos as estimacións de crecemento para España previstas para os anos 2016 e 2017 polo Goberno, o FMI, a OCDE e a Comisión Europea.



Cadro 7

Previsións macroeconómicas. España. TVA (%)								
	2016				2017			
	Ministerio Economía (outubro 2016)	CE (novembro 2016)	FMI (outubro 2016)	OCDE (xuño 2016)	Ministerio Economía (outubro 2016)	CE (novembro 2016)	FMI (outubro 2016)	OCDE (xuño 2016)
PIB por compoñentes de demanda								
Gasto en consumo final nacional de fogares ⁽¹⁾	3,3	3,2	3,3	3,1	2,6	2,1	2,3	2,1
Gasto en consumo final nacional das AAPP.	1,0	0,9	0,9	1,5	0,9	0,8	0,4	1,2
Formación bruta de capital fixo	5,4	4,2	4,2	4,6	4,2	3,6	3,0	3,8
Demanda nacional ⁽²⁾	3,2	2,9	3,0	3,1	2,5	2,1	2,1	2,3
Exportacións de bens e servizos	5,4	6,1	5,9	4,8	5,7	4,5	4,4	5,0
Importacións de bens e servizos	7,0	5,8	6,1	5,5	6,7	4,3	4,4	5,2
Saldo exterior ⁽³⁾	-0,3	0,2	0,1	-0,3	-0,2	0,2	0,1	0,0
Produto interior bruto	2,9	3,2	3,1	2,8	2,3	2,3	2,2	2,3
Produto interior bruto nominal	3,6	3,9	3,7	3,3	3,8	3,5	3,0	3,5
Mercado de traballo								
Emprego equivalente a tempo completo	2,7	2,8	—	—	2,2	2,1	—	—
Taxa de paro	19,7	19,7	19,4	19,8	17,8	18,0	18,0	18,4

(1) Inclúe ás ISFLSF

(2) En Ministerio de Economía e Comisión Europea: Achega ao crecemento do PIB

(3) Achega ao crecemento do PIB

Fonte: Ministerio de Economía, industria y competitividad, Comisión Europea, OCDE e FMI

No que respecta á taxa de paro, as previsións máis optimistas para o 2016 corresponden ao FMI, cunha taxa de paro do 19,4%. O Goberno e a Comisión Europea estiman unha taxa do 19,7% e a da OCDE é unha décima superior, 19,8%. Para o ano 2017 a previsión do Goberno é a máis favorable, cunha taxa do 17,8%, e a Comisión Europea e o FMI coinciden nunha taxa do 18,0%. Con estas estimacións, o descenso máis acusado na taxa no ano 2017 sería o do Goberno, 1,9 puntos, mentres que o FMI só rebaixaría 1,4 puntos.



2.3. Evolución recente da economía galega


Os datos máis recentes de crecemento económico para Galicia apuntan cara unha consolidación da recuperación da economía galega; a taxa intertrimestral do segundo trimestre foi do 0,8%, unha décima superior á do primeiro trimestre. En termos de taxa interanual, o crecemento é do 3,0%, unha décima superior ao do trimestre precedente, rexistrándose o maior incremento desde 2008. A continuación detállase o comportamento da economía galega no segundo trimestre do ano comparado co primeiro trimestre para mostrar a tendencia a curto prazo da mesma.

Cadro 8

Produto interior bruto <i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario</i>								
	2014	2015	2015				2016	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Variación interanual	1,1	2,1	1,6	2,1	2,2	2,6	2,9	3,0
Variación intertrimestral	--	--	0,5	0,6	0,7	0,8	0,7	0,8

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Gráfico 5




Fonte: IGE, INE, EUROSTAT



Demanda

No segundo trimestre de 2016, a achega da demanda interna en termos nacionais ao crecemento do PIB foi de 3,0 puntos porcentuais, tres décimas superior á do trimestre anterior. O gasto en consumo final presenta un aumento do 3,1%, catro décimas máis que no trimestre precedente; o apartado da formación bruta de capital aumenta un 2,4%, catro décimas menos que no primeiro trimestre. A contribución do sector exterior é nula, e empeora nunha décima a achega observada no trimestre precedente.

Gráfico 6



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Cadro 9

Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2010=100								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)</i>								
Operacións	2014	2015	2015				2016	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	-0,8	2,2	1,5	2,1	2,5	2,7	2,7	3,1
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-0,7	2,3	1,7	2,3	2,6	2,7	2,7	2,9
-Gasto en consumo final das AAPP	-1,2	1,9	1,0	1,7	2,4	2,8	2,7	3,7
Formación bruta de capital	3,6	5,8	7,2	6,4	5,5	4,3	2,8	2,4
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	-0,1	2,8	2,4	2,8	3,0	3,0	2,8	3,0
Exportacións de bens e servizos	1,4	4,2	2,9	4,3	3,9	5,9	5,0	5,3
Importacións de bens e servizos	-0,8	5,5	4,4	5,7	5,3	6,6	4,7	5,3
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	1,1	2,1	1,6	2,1	2,2	2,6	2,9	3,0

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.



O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares aumenta un 2,9% no segundo trimestre de 2016, dúas décimas máis que no trimestre precedente. O principal indicador de consumo dos fogares, a renda salarial real calculada con: afiliación, incremento salarial pactado en convenio e o IPC como deflator móstrase en sintonía co agregado debido a que presenta unha taxa interanual superior á do trimestre anterior; a matriculación de turismos tamén amosa un crecemento superior ao do trimestre precedente. O índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado e o indicador de confianza do consumidor rexistra un peor comportamento que no trimestre precedente.

No mesmo período, o gasto en consumo final das administracións públicas acada un crecemento do 3,7%, mellorando en 1,0 puntos a taxa rexistrada no trimestre anterior.

A formación bruta de capital amosa un crecemento positivo, 2,4%, inferior en 0,4 puntos ao do trimestre anterior. A produción industrial de bens de equipo rexistran un crecemento inferior ao do trimestre precedente. As importacións de bens de capital deflactadas co índice de valor unitario amosan un descenso respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, empeorando o rexistro do trimestre precedente. En senso contrario, a matriculación de vehículos de carga mellora o rexistro de trimestre anterior.

A contribución do sector exterior a o crecemento do PIB é nula. As exportacións aumentan un 5,3%, 0,3 puntos máis que no trimestre precedente. As exportacións galegas ao estranxeiro amosan un comportamento similar ao do trimestre anterior; as operacións co resto de España melloran o rexistro do trimestre anterior e o gasto dos non residentes en Galicia rexistra un crecemento inferior.

Pola súa parte, as importacións aumentaron un 5,3%, 0,6 puntos máis que no trimestre precedente.

Oferta

Dende a perspectiva da oferta, no segundo trimestre de 2016 as taxas de crecemento interanual dos grandes agregados son superiores ás do trimestre precedente no sector primario e nos servizos mentres que a industria rexistra un crecemento inferior. O maior crecemento corresponde aos servizos mentres que a industria rexistra o menor incremento.

As ramas agraria, gandeira e pesqueira presentan un crecemento do 1,3%, mellorando en 0,4 puntos a taxa do primeiro trimestre. O sector pesqueiro é o que máis contribúe a este crecemento.

As ramas industriais rexistran un crecemento do 1,2%, empeorando en 4,0 puntos o rexistro do trimestre precedente. Dentro destas, a industria manufactureira creceu un 2,0%, minorando en 3,9 puntos o crecemento do trimestre anterior.



A taxa de variación interanual do sector da construción foi do 2,0%, crecemento similar ao do trimestre precedente. A edificación non residencial e a licitación oficial amosan peor comportamento que no trimestre precedente; a edificación residencial rexistra un maior crecemento que no trimestre anterior.

O sector dos servizos presenta un crecemento interanual do 3,4%, 0,7 puntos superior ao do trimestre precedente. Todas as ramas rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos acádanse nas ramas de "comercio, transporte e hostalería", "información e comunicacións" e "actividades profesionais". Con respecto ás taxas rexistradas no primeiro trimestre do ano, o "comercio, transporte e hostalería" é o que rexistra un mellor comportamento, cun crecemento 1,6 puntos superior ao do trimestre anterior.

Cadro 10

Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2010=100								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)</i>								
Operacións	2014	2015	2015				2016	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	3,7	1,4	1,1	0,0	2,2	2,2	0,9	1,3
Industria	0,2	2,1	0,2	2,9	2,9	2,5	5,2	1,2
- Industria manufacturera	3,9	4,6	3,3	5,6	3,8	5,7	5,9	2,0
Construción	-3,7	3,7	3,5	3,5	4,2	3,9	2,0	2,0
Servizos	1,8	2,1	1,7	2,0	2,2	2,5	2,7	3,4
- Comercio, transporte e hostalería	3,2	4,0	2,9	3,8	4,4	4,6	5,3	6,9
- Información e comunicacións	1,1	2,3	0,6	2,6	1,7	4,1	4,1	4,0
- Actividades financeiras e de seguros	-1,9	-1,1	-3,1	-1,5	-0,8	1,2	1,9	2,3
- Actividades inmobiliarias	1,7	0,3	0,7	0,1	0,1	0,3	0,2	0,6
- Actividades profesionais	5,3	5,5	6,9	5,3	4,9	5,1	3,3	3,5
- Administración pública, sanidade e educación	0,8	0,4	0,9	0,3	-0,1	0,7	0,4	1,7
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-2,9	1,8	1,4	2,0	2,0	1,8	1,1	0,6
Impostos netos sobre os produtos	-0,3	1,6	1,9	1,4	1,0	2,3	2,3	3,9
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	1,1	2,1	1,6	2,1	2,2	2,6	2,9	3,0

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, creceu no segundo trimestre do ano 2016 un 1,8%, o que supón un incremento de 17.080 postos de traballo equivalentes nun ano.



Cadro 11

Emprego por ramas de actividade								
Postos de traballo equivalentes a tempo completo								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)</i>								
	2014	2015	2015				2016	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-7,9	0,0	-2,9	-2,7	1,2	4,7	2,4	5,0
Industria	-2,4	1,7	0,0	1,4	2,3	3,0	3,1	2,9
- Industria manufactureira	-2,6	2,0	0,2	1,7	2,8	3,5	3,2	3,0
Construción	-2,7	2,8	3,4	3,3	2,3	2,0	-1,6	-2,8
Servizos	-0,6	2,0	1,4	2,3	2,1	2,4	2,1	1,7
- Comercio, transporte e hostalería	-2,7	2,0	1,1	1,8	2,2	3,0	2,2	2,2
- Información e comunicacións	3,0	2,4	1,7	2,8	2,6	2,4	1,5	1,3
- Actividades financeiras e de seguros	-7,0	-1,3	-3,6	-1,7	-0,3	0,4	-0,4	-0,3
- Actividades inmobiliarias	7,5	8,0	9,8	8,8	7,3	6,1	-0,3	-3,1
- Actividades profesionais	0,1	5,7	4,8	6,7	5,8	5,4	4,8	2,8
- Administración pública, sanidade e educación	1,2	0,8	0,3	1,2	0,6	1,2	1,3	1,0
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	2,0	1,4	1,7	2,4	1,0	0,5	1,3	1,4
TOTAL POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	-1,6	1,9	1,0	1,9	2,1	2,6	2,0	1,8

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Atendendo aos sectores de actividade, agás a construción, todos rexistran taxas positivas. Con respecto aos rexistros do trimestre precedente obsérvase un peor comportamento en todos os grandes agregados agás nas ramas agraria, gandeira e pesqueira.

As ramas agraria, gandeira e pesqueira incrementan os postos de traballo equivalentes un 5,0% e melloran en 2,6 puntos o rexistro do trimestre precedente.

O conxunto da industria incrementa os postos de traballo respecto do mesmo trimestre do ano 2015 nun 2,9%, minorando a taxa do trimestre anterior en dúas décimas; as industrias manufactureiras rexistran un incremento do 3,0%, empeorando en dúas décimas o rexistro do trimestre precedente.

O postos de traballo equivalentes a tempo completo diminúen o 2,8% na construción, taxa inferior en 1,3 puntos á rexistrada no primeiro trimestre.

Por último, os servizos rexistran un crecemento do 1,7%, catro décimas menos que no trimestre anterior. Todas as ramas amosan taxas positivas agás "actividades financeiras e de seguros" e "actividades inmobiliarias". Soamente as "actividades financeiras e de seguros" e as "actividades artísticas, recreativas e outros servizos" melloran con respecto ao trimestre anterior.



Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, amosou neste trimestre unha taxa de variación interanual do 1,6%, cinco décimas inferior á taxa do trimestre anterior. Este dato supón un aumento de 12.871 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano.

O número de horas efectivamente traballadas aumenta no segundo trimestre de 2016 o 2,0%, unha décima menos que no trimestre anterior. Para as persoas asalariadas, o número de horas aumenta o 2,1%, tres décimas menos que no trimestre precedente.

O número de horas efectivas aumenta en todos os grandes agregados agás a construción, onde diminúen un 1,3%; na agricultura e pesca o número de horas aumenta un 6,1%, na industria un 3,0% e nos servizos un 1,6%.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 1,2%, tres décimas superior á do trimestre anterior. A variación interanual da produtividade aparente por hora efectiva sitúase no 1,0%, dúas décimas superior á do primeiro trimestre de 2016.



2.4. Escenario macroeconómico 2016 – 2019

O escenario macroeconómico para Galicia prevé un crecemento do PIB do 3,1% para o ano 2016, que se moderará progresivamente ata o 2,1% no ano 2019.

Cadro 12

Escenario macroeconómico Galicia. Variación anual en %					
	2015	2016	2017	2018	2019
Produto interior bruto (PIB)	2,1	3,1	2,4	2,2	2,1
Produto interior bruto nominal	2,3	3,4	3,6	3,8	3,9
Emprego. PTETC	1,9	1,9	1,6	1,7	1,6
Taxa de paro ¹	19,3	17,4	15,6	13,8	12,1

¹ % da poboación activa

Fonte: IGE

Este escenario macroeconómico baséase nun crecemento sostido da demanda interna e unha maior achega da demanda externa. Detállase a continuación, para os principais agregados da demanda, o cadro macroeconómico para os dous próximos anos.

1. O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro aumentará en 2016 un 2,9%; un bo comportamento do mercado laboral, a contención dos prezos, a menor carga impositiva derivada da reforma fiscal e as favorables condicións financeiras incrementarán a renda dispoñible dos fogares. Para o ano seguinte, algúns dos impulsos que favoreceron o crecemento no ano 2016 perderán forza polo que se prevé unha desaceleración no crecemento deste agregado.
2. O gasto en consumo final das administracións públicas crecerá un 2,4% en 2016 e catro décimas menos no ano seguinte.
3. A formación bruta de capital seguirá experimentando un forte dinamismo aínda que se prevé unha moderación no seu crecemento. No ano 2016 crecerá un 2,8% minorando en tres puntos o incremento do ano anterior e prevese unha taxa do 3,1% para o ano 2017. O investimento en bens de equipo manterá unha senda expansiva, favorecida polas condicións financeiras e a necesidade das empresas de modernizar o seu stock de capital. A inversión residencial continuará cunha lenta recuperación, a perda de poboación en Galicia non favorece o incremento da demanda de vivendas.



4. A demanda externa neta chegará 0,3 puntos ao crecemento do PIB no ano 2016, case un punto máis que o aportado por este agregado en 2015. Esta achega producirase como consecuencia dun aumento das exportacións do 5,5% e dun incremento das importacións do 5,0%. As exportacións, despois do forte impulso que se prevé para o ano 2016, minorarán o seu crecemento o ano seguinte, debido a desaceleración prevista da economía española e dalgúns países do noso entorno. Polo que respecta ás importacións, moderarán o seu crecemento nos dous próximos anos. No ano 2017 as exportacións aumentarán un 4,2%, 1,3 puntos menos que no ano precedente e as importacións un 4,1%, 0,8 puntos menos que no ano anterior

5. A taxa de paro situarase no ano 2016 no 17,4%, case dous puntos inferior á do ano 2015. Un bo comportamento da ocupación xunto cunha diminución da poboación activa levan a esta taxa. Para o ano seguinte a taxa de paro continuará a diminuír ata o 15,6% e continuará esta senda ata o 2019 cando se prevé sexa do 12,1%.

No cadro seguinte móstrase as previsións macroeconómicas de Galicia para o período 2016 - 2017.

Cadro 13

Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %

	2015	2016	2017
Gasto en consumo final	2,2	2,8	2,2
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	2,3	2,9	2,3
- Gasto en consumo final das AAPP	1,9	2,4	2,0
Formación bruta de capital	5,8	2,8	3,1
Achega demanda interna¹	2,8	2,8	2,4
Exportación de bens e servicios	4,2	5,5	4,2
Importación de bens e servicios	5,5	5,0	4,1
Produto interior bruto (PIB)	2,1	3,1	2,4
Produto interior bruto nominal	2,3	3,4	3,6
Emprego. PTETC	1,9	1,9	1,6
Taxa de paro²	19,3	17,4	15,6

¹ Contribución en puntos porcentuais

² % da poboación activa

Fonte: IGE



2.5. Crecemento potencial e *output gap*

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira establece que ningunha administración pública poderá incorrer en déficit estrutural, salvo nalgúns circunstancias fixadas na devandita lei. En virtude desta lei, é necesario dispor do cálculo do saldo estrutural para cada comunidade autónoma, así como para o Estado e a Seguridade Social.

A obtención do saldo estrutural dunha administración pública consiste en medir a compoñente cíclica do dito saldo e calcular a compoñente estrutural como diferenza entre o observado e o cíclico. A Orde ECC/2741/2012, de 20 de decembro, sobre o cálculo das previsións tendenciais de ingresos e gastos e da taxa de referencia da economía española desenvolve a metodoloxía para o cálculo do PIB potencial e a compoñente cíclica dos ingresos e gastos públicos seguindo a metodoloxía da Comisión Europea. Esta metodoloxía foi revisada posteriormente pola Comisión Europea e as modificacións quedan recollidas na Orde ECC/493/2014 de 27 de marzo.

O cálculo da compoñente cíclica realízase en dúas fases. En primeiro lugar, calcúlase a fenda de produción, expresada como diferenza entre o Produto Interior Bruto (PIB) real observado e o PIB potencial, expresado en porcentaxe do produto potencial. En segundo lugar, estimase unha relación (elasticidade) entre o saldo observado e a fenda cíclica.

O crecemento potencial e o *output gap* dunha economía son conceptos de gran utilidade para a análise económica e, en particular, para a toma de decisións de política económica. Constitúen a referencia básica para avaliar a posición cíclica da economía e efectuar o diagnóstico sobre a orientación das políticas económicas.

Defínese o produto potencial como o nivel de produción en termos reais que unha economía e capaz de xerar utilizando os factores dispoñibles e a tecnoloxía existente, sen xerar presións inflacionarias. O *output gap* ou fenda de produción defínese como o cociente entre o PIB observado ou previsto, en termos reais, e o nivel estimado para o PIB potencial menos un.

O PIB potencial non é unha magnitude directamente observable e está suxeita a un elevado grao de incerteza. A metodoloxía empregada para o seu cálculo e o do *output gap* para a economía galega segue no fundamental o contemplado nas ordes ministeriais ECC/2471/2012 de 20 de decembro e ECC/493/2014 de 27 de marzo, que seguen, a súa vez, a metodoloxía da función de produción da Comisión Europea³. Esta metodoloxía esixe, por un lado, a estimación da produtividade total dos factores (PTF) e por outro a avaliación dos factores produtivos (emprego e capital) no seu nivel potencial.

³ http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2014/ecp535_en.htm



No seguinte cadro recóllense para Galicia as taxas de crecemento previstas para o PIB real, o PIB potencial estimado e as achegas das súas principais compoñentes e o *output gap*.

Cadro 14

Evolución cíclica. Galicia					
	2015	2016	2017	2018	2019
PIB real. TVA(%)	2,1	3,1	2,4	2,2	2,1
PIB potencial. TVA(%)	0,4	0,6	0,8	0,9	1,0
Achegas ao crecemento do PIB potencial (*)					
Produtividade total dos factores	0,6	0,7	0,7	0,7	0,7
Traballo	-0,6	-0,5	-0,5	-0,4	-0,4
Capital	0,4	0,5	0,6	0,6	0,7
Output gap (*)	-6,5	-4,2	-2,8	-1,5	-0,3

(*) Porcentaxe do PIB

NAWRU calculada con curva de Phillips híbrida

Fonte: IGE

O PIB potencial inicia en 2016 unha senda expansiva, cun crecemento gradual ata chegar ao 1,0% en 2019. Esta evolución débese a unha achega menos negativa do factor traballo e a un suave incremento da achega do capital, mentres que a contribución da produtividade total dos factores mantense estable no período da proxección.

Como resultado da evolución do PIB real e o potencial, o *output gap* de Galicia redúcese paulatinamente.



2.6. Saldo orzamentario axustado ciclicamente

Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio de Economía y Competitividad, que segue a da Comisión Europea, que se explica no anexo deste informe. Esta metodoloxía baséase no uso das semi-elasticidades para o cálculo do saldo orzamentario cíclico, a partir do cal se obtén o saldo estrutural.

A partir das semi-elasticidades e o *output gap* é posible obter a descomposición do saldo orzamentario de Galicia en saldo cíclico e ciclicamente axustado. O saldo cíclico calcúlase como o produto da semi-elasticidade e o *output gap* e o saldo axustado do ciclo como a diferenza entre o saldo público e o saldo cíclico.

Finalmente, obtense o saldo estrutural ao restar do saldo ciclicamente axustado a diferenza entre os ingresos e gastos non recorrentes.

Cadro 15

Saldo orzamentario cíclico. Galicia (% do PIB)					
	2015	2016	2017	2018	2019
Saldo público	-0,6	-0,7	-0,5	-0,3	0,0
Intereses	0,5	0,5	0,4	0,3	0,3
Medidas non recorrentes temporais	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Saldo primario	-0,1	-0,2	-0,1	0,0	0,3
Output gap	-6,5	-4,2	-2,8	-1,5	-0,3
Saldo cíclico	-1,1	-0,7	-0,4	-0,2	-0,1
Saldo ciclicamente axustado	0,5	0,0	-0,1	-0,1	0,1
Saldo primario ciclicamente axustado	1,0	0,4	0,3	0,2	0,3
Saldo estrutural	0,5	0,0	-0,1	-0,1	0,1
Saldo estrutural primario	1,0	0,4	0,3	0,2	0,3

Fonte: IGE, Consellería de Facenda

No que respecta á compoñente cíclica, a redución do *output gap* provocará unha corrección do déficit cíclico de 0,7 e 0,4 puntos do PIB en 2016 e 2017 respectivamente. Como resultado da evolución do saldo cíclico e do saldo público, o saldo ciclicamente axustado segue unha liña descendente, situándose no ano 2017 e 2018 no -0,1% do PIB, ata chegar ao ano 2019 onde volve a valores positivos.



2.7. Taxa de referencia da economía galega

A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira establece que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais no poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

Para obter a dita taxa, calcúlase cada ano a media dos crecementos reais potenciais de dito ano, os cinco anteriores e os catro posteriores, obténdose así a taxa de referencia real. Os crecementos dos deflatores para pasar da taxa de referencia real á nominal se corresponden cos valores menores entre o 2% e a taxa do deflador prevista ou efectivamente realizada cada ano, segundo a Contabilidade Nacional.

A taxa de referencia da economía española, vinculante para a economía galega, é do 1,8% en 2017.

A obtención do PIB potencial de Galicia permite obter a taxa de referencia da economía galega. A taxa de referencia en termos nominais para a economía galega é do 1,5% en 2016 e do 1,8% en 2017.

Cadro 16

Taxa de referencia. Galicia		
	2016	2017
En termos reais	0,7	0,8
Deflactor	0,8	1,0
En termos nominais	1,5	1,8

Fonte: IGE



3. ENVOLVENTE FINANCEIRA PLURIANUAL

Unha vez fixado o marco económico co que traballará o goberno galego para a elaboración dos orzamentos do vindeiro exercicio, cómpre analizar cal é a envolvente financeira plurianual dimanante das anteriores previsións económicas.

Como é sabido, esta comprende unha previsión da evolución das principais masas financeiras dos recursos da comunidade autónoma coherente coa senda de consolidación fiscal aprobada polo Consello de Política Fiscal e Financeira.

A este respecto cómpre sinalar que no pleno 94 do Consello de Política Fiscal e Financeira, acordouse a fixación dun novo obxectivo de estabilidade orzamentaria para 2016 para todas as comunidades autónomas (do 0,7% do PIB rexional), así como un reparto por igual entre todas elas.

O mesmo pleno do CPFF aprobou unha nova senda de consolidación fiscal para o período 2017-2019, que é a tida en conta no presente informe para a determinación do límite de gasto.

A partires dos datos da envolvente financeira plurianual podemos calcular o teito de gasto para 2017, o antedito límite está regulado no artigo 30 da Lei 2/2012, de 27 de abril, orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que sinala que as comunidades autónomas aprobarán nos seus respectivos eidos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito da asignación de recursos dos seus orzamentos.

Os recursos dispoñibles en termos de contabilidade nacional que determinan o devandito límite de gasto dependen de tres factores.-

- i. a evolución dos ingresos non financeiros
- ii. o obxectivo de estabilidade orzamentaria (que suporá maiores recursos cando o obxectivo sexa de déficit ou menores recursos cando sexa de superávit)
- iii. os axustes de contabilidade nacional sobre a orzamentaria, ao determinarse o devandito obxectivo como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional, expresada coma unha porcentaxe do PIB nominal da comunidade autónoma.

Ademais, a taxa de referencia do PIB real e nominal da economía, que establece o límite á variación do gasto computable da administración autonómica, popularmente coñecida



como regra de gasto, establece unha senda coa que debe ser coherente o teito de gasto polo xeral e o orzamento de gastos que se presente en particular.

i. Evolución dos ingresos non financeiros.

A composición dos ingresos non financeiros ven determinada polos seguintes grandes agregados segundo a fonte do ingreso:

- Ingresos do sistema de financiamento (supoñen o 78% dos ingresos non financeiros totais).

Cómpre ter en conta, tal e como se sinala ao comezo do informe, que o cálculo dos recursos do sistema de financiamento realízase pola comunidade autónoma a expensas da comunicación definitiva que haberá de figurar nos orzamentos xerais do estado. Tal e como indica a lei de estabilidade orzamentaria da comunidade autónoma o límite de gasto revisarase en función das contías que aparezan nos anteditos orzamentos.

No que atinxe ás magnitudes consideradas para o teito de gasto, estas evolucionan da forma que se describe de seguido.

A consolidación da mellora das variables macroeconómicas vese reflectida nun aumento das entregas a conta do sistema de financiamento estimadas para 2017; en efecto, estas aumentan nun 1,15% respecto ás fixadas no orzamento para o presente exercicio, o que supón 74 millóns de euros adicionais.

Esta evolución responde a unha positiva evolución do IRPF que se recupera absorbendo os efectos da reforma tributaria e as rebaixas autonómicas. Así, este medra un 1,9%, en liña coa evolución actual da recadación segundo a AEAT, o que supón 36,2 millóns de euros adicionais de incremento, favorecido pola expansión dunhas bases impositibles que melloran impulsadas pola xeración de emprego no 2016 que se consolida no 2017.

Ao aumento previsto da recadación por IVE, cuxa recadación está subindo con forza (a ritmos do 3,1%), se ben un axuste na base pola liquidación comunicada de 2015, máis baixa do previsto, así como a moderación do crecemento do PIB para 2017 nos leva a un incremento do 2,8%, o que supón un aumento de máis de 54 millóns de euros, que reflicten a mellora do consumo interno na comunidade autónoma.



A recadación dos impostos especiais está a rexistrar unha evolución plana, mostrando un mellor comportamento agás no caso do imposto sobre alcohol e electricidade, cunha recadación claramente inferior á do ano anterior. Por outra banda, a liquidación negativa do ano 2015 neste imposto fai prever un axuste na estimación do pago a conta de preto do -2,1%, baixando 17 millóns de euros a estimación de recadación. Isto reflicte un comportamento moi moderado de esta figura tributaria debido á limitada evolución de consumos e prezos de alcohol, carburantes, tabaco e electricidade.

No que atinxe aos fondos do sistema de financiamento tamén realizamos unha previsión en liña coa do pasado exercicio, estabilizándose os recursos do fondo de suficiencia e o fondo de garantía de servizos públicos básicos en torno a os 1.780 millóns de euros, en virtude da información dispoñible e das regras de funcionamento do sistema de financiamento autonómico.

A liquidación a incluír no 2017 (correspondente aos pagos do sistema de financiamento no 2015), experimenta un aumento de cinco millóns de euros sobre a recollida nos orzamentos para 2016, froito dunha recadación mellor que a estimada no 2015. Esta recuperación débese á continuación do bo desempeño fiscal do exercicio 2015 que permitiu axustar os ingresos efectivos ás previsións orzamentarias. A evolución da recadación tributaria da AXE no 2015, foi máis positiva que a prevista no que atinxe ao IRPF, o que deriva nas importantes liquidacións positivas deste imposto e mesmo do fondo de garantía de servizos públicos fundamentais. Pola contra, foi lixeiramente inferior no que atinxe ao IVE e impostos especiais, o que motiva lixeiras liquidacións negativas nestes impostos e mesmo un ITE máis baixo do previsto, dando lugar a unha liquidación negativa do fondo de suficiencia. Porén, a escasa contía das liquidacións negativas e a potencia da liquidación positiva do IRPF e máis do fondo de cooperación dan lugar a este mellor dato de liquidación do sistema de financiamento.

Á liquidación anual correspondente debe engadírselle o axuste derivado do adiamento da devolución das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 (-85 millóns de euros logo do acordo tomado no pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrado o 31 de xullo de 2014 consistente en adiar 240 mensualidades adicionais a devolución das devanditas liquidacións). Por tanto o saldo total das liquidacións pasa a aportar ingresos ao sistema de financiamento no 2017, 283,8 millóns de euros, mellorando o bo dato de 2016 (278,4 millóns de euros).



- As transferencias finalistas doutras administracións, procedentes basicamente da Administración Xeral do Estado e dos Fondos Europeos, aumentan lixeiramente a súa participación en cinco décimas sobre os ingresos non financeiros, ata supor o 12,3% dos mesmos. Os ingresos finalistas da Administración Xeral do Estado melloran en base aos datos confirmados nas diferentes conferencias sectoriais celebradas pola Administración Xeral do Estado, despois de mostrar unha continuada tendencia descendente nos últimos anos. O mesmo acontece co Fondo de Compensación Interterritorial, vencellado a unha porcentaxe do gasto da obra nova que apareza nos orzamentos xerais do Estado. Neste caso estímase en liña coa variación da formación bruta de capital prevista no plan orzamentario do Reino de España para 2017, un aumento do 2,1% (algo máis dun millón de euros).

O novo marco estratéxico comunitario 2014-2020, implicou a elaboración de programas operativos rexionais para os fondos estruturais (FEDER, FSE, FEADER, FEMP e iniciativa xuvenil europea xestionada pola comunidade autónoma), aos que haberá que engadir os fondos dedicados á cooperación. As anualidades financeiras tidas en conta para o vindeiro exercicio tentan impulsar con vigor o lanzamento da execución dos novos programas operativos, aprobados con tardanza por parte da Comisión Europea. Estes programas operativos incorporan unha senda financeira plurianual que se concreta nas achegas plurianuais previstas no escenario.

A nova programación, mudará a participación dos fondos europeos na cesta dos ingresos da comunidade autónoma en case un punto porcentual, acadando ata 2020 financiamento estrutural para 883 millóns de euros en FEDER, 313 millóns de euros en FSE, 890 millóns de euros en FEADER, 371 millóns de euros en FEMP e 49 millóns de euros no programa de emprego xuvenil, xestionados pola comunidade autónoma. No presente límite de gasto estes consolidan o seu peso no ingreso non financeiro en torno a o 7%.

- Respecto dos recursos propios non financeiros da comunidade autónoma, tributos propios, prezos e ingresos patrimoniais (que baixan dúas décimas o seu peso no 2017 ata supor o 9,8% dos ingresos non financeiros orzamentarios). A súa evolución estable depende en gran medida da evolución dos tributos cedidos (Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, vinculada á evolución dos mercados inmobiliarios sobre todo o Imposto de Sucesións e Doazóns).



O mercado de vivendas, especialmente o que atinxe a vivenda usada, despois de estabilizarse dende finais de 2014, inicia unha fase de crecemento moderado pero continuo. O aumento da demanda de vivenda, facilitado por unha mellora das condicións crediticias mudou a positiva a senda de evolución do prezo dos inmobles, o que está a favorecer melloras das valoracións dos activos inmobiliarios, ensanchando as bases impositibles tanto do ITP-AJD como do Imposto de sucesións e doazóns.

Este crecemento vigoroso permite compensar as baixas dimanantes das rebaixas tributarias de pasados exercicios con impacto no 2017 como as bonificacións no imposto de sucesións e doazóns e a tributación cero no rural con impacto en ITP e AXD.

A evolución estimada dos recursos non financeiros sería a seguinte:

millóns de euros	orçamento límite de gasto		previsión		taxas de variación		
	2016	2017	2018	2019	2017-2016	2018-2017	2019-2018
recursos sistema de financiamento	6.736	6.815	7.170	7.648	1,2%	5,2%	6,7%
fondos finalistas doutras administracións	1.014	1.075	1.015	973	6,0%	-5,6%	-4,2%
outros recursos non financeiros	871	858	882	898	-1,5%	2,8%	1,9%
TOTAL RECURSOS NON FINANCIEROS	8.621	8.748	9.067	9.519	1,5%	3,6%	5,0%

Tal e como establece o artigo 12.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, o límite de gasto axustarase na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da administración xeral do Estado.

A diferenza entre os recursos non financeiros do orzamento 2016 e a prevista no teito de gasto para 2017, mellora a evolución positiva iniciada no 2015, aumentando nun 1,5%, como se ten dito, polo pulo dos ingresos procedentes do sistema de financiamento, a evolución estable dos recursos propios e a consolidación das operacións do novo marco europeo.



ii. obxectivo de déficit

Como ven de describir o informe de conxuntura, despois dun forte período de crecemento no que Galicia converxe e mesmo supera o ritmo da economía española, estímase que a recuperación económica e o crecemento continuarán a ritmo constante nos vindeiros exercicios na nosa comunidade autónoma. Este ritmo constante prevese lixeiramente menor que o acadado no 2016 e estará en liña co da media das CC.AA. Esta evolución permite unha mellora dos ingresos públicos que facilita o encaixe da senda de consolidación fiscal, xa que a comunidade autónoma ten rematado o proceso de consolidación do gasto axustándose ano tras ano ao obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria debe colaborar a afianzar unha senda de débeda sostible e a confianza gañada nos mercados financeiros que está a traducirse en condicións de endebedamento máis vantaxosas para todas as administracións e particulares, facilitando tamén o acceso ao financiamento dos investidores privados.

Dentro desta senda, o esforzo continuo de consolidación das finanzas autonómicas e os maiores recursos dimanantes da mellora da situación económica implica para esta comunidade autónoma o remate dos axustes de gasto, o que beneficiará á evolución do consumo público e privado que contribuirán con maior forza ao crecemento do PIB, que só aparece condicionado polas incertezas xeradas por acontecementos alleos tal e como pode ollarse no cadro macro da primeira parte do informe.

Agora toca impulsar con forza o desenvolvemento do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, continuando os esforzos na aplicación efectiva de políticas de innovación, emprendemento e fomento da competencia que posibiliten a xeración de nichos de emprego, eliminando rixideces nos mercados e nos prezos e favorecendo máis demanda de investimento e de emprego.

Este aumento da demanda agregada pola vía do investimento debe complementarse coa consolidación das ganancias en competitividade e internacionalización da nosa economía e co aumento do gasto público e privado dos nosos principais socios financeiros.

Malia que a Comisión está a piques de emitir, consonte o Regulamento (UE) nº 473/2013, o seu ditame sobre o plan orzamentario do Reino de España para 2017,



cómpre traer a colación as conclusións do informe específico de 2016 de cara a explicar os obxectivos de estabilidade recollidos no presente teito de gasto.

O 26 de novembro de 2015, a Comisión adoptou o estudo prospectivo anual sobre o crecemento, marcando así o inicio do Semestre Europeo de 2016 para a coordinación das políticas económicas. As prioridades do citado estudo prospectivo foron ratificadas polo Consello Europeo de 17 e 18 de marzo de 2016. O mesmo 26 de novembro de 2015, a Comisión, sobre a base do Regulamento (UE) n.º 1176/2011, adoptou o Informe sobre o Mecanismo de Alerta, no que estaba a sinalarse a España como un dos estados membros que sería obxecto dun exame polo miúdo.

O informe específico de 2016 sobre España publicouse o 26 de febreiro de 2016, no mesmo avaliáronse os avances realizados por España de cara á posta en práctica das recomendacións específicas por país adoptadas polo Consello o 14 de xullo de 2015, así como os avances de España cara aos seus obxectivos nacionais no marco de Europa 2020.

O informe específico tamén recolle os resultados do exame exhaustivo efectuado de conformidade co artigo 5 do Regulamento (UE) n.º 1176/2011. O 8 de marzo de 2016, a Comisión presentou os resultados do exame exhaustivo. A análise da Comisión conclúe que España está aínda a sufrir desequilibrios macroeconómicos:

- A elevada débeda externa e interna, tanto pública coma privada, segue a ser un punto feble nun contexto de desemprego elevado. Urxe adoptar medidas que reduzan o risco de repercusións negativas sobre a economía española e, dado o seu tamaño, de efectos secundarios negativos para toda a Unión Económica e Monetaria.
- Malia a mellora da balanza por conta corrente, non se prevé que os pasivos exteriores netos se sitúen en niveis prudentes a curto prazo. O proceso de desapalancamento do sector privado leva bo rumbo, apoiado en parte polas favorables condicións de crecemento, pero as necesidades de desapalancamento son grandes e o endebedamento público segue a ser elevado.
- Tomáronse medidas no sector financeiro e no que atinxe aos marcos que rexen a insolvencia empresarial e persoal, pero é preciso seguir actuando no eido da innovación e as cualificacións e para garantir o cumprimento do Pacto de Estabilidade e Crecemento.



O 29 de abril de 2016, España presentou o seu Programa Nacional de Reformas de 2016 e o 30 dese mesmo mes, o seu Programa de Estabilidade de 2016. Para ter en conta as súas interrelacións, os dous programas avaliáronse ao tempo.

España atópase na compoñente correctora do Pacto de Estabilidade e Crecemento. No seu Programa de Estabilidade de 2016, España prevé acadar obxectivos de déficit global do 3,6 % do PIB no 2016 e do 2,9 % no 2017. Por conseguinte, prevese corrixir o déficit excesivo un ano máis tarde do recomendado polo Consello ao non cumprirse o esforzo fiscal e os obxectivos principais de 2014 e 2015. Estes obxectivos supoñen a realización plena do aforro permanente do 0,4 % do PIB no nivel das administracións central e autonómicas anunciado en resposta á Recomendación Autónoma da Comisión de 9 de marzo de 2016. Prevese que o déficit siga a diminuír a posteriori ata chegar a o 1,6 % do PIB no 2019.

Porén, non se espera acadar o obxectivo a medio prazo de equilibrio orzamentario en termos estruturais dentro do horizonte temporal do Programa de Estabilidade. Así, estímase que o saldo estrutural recalculado mellore só dun xeito leve no 2016 e 2017 ata situarse preto do -2,5 % do PIB, diminuíndo lentamente ata acadar o -2,75 % do PIB no 2019. A ratio débeda pública/PIB baixou só marxinalmente no 2015 ata o 99,2 % do PIB e se espera que siga a diminuír levemente no 2016 e 2017, e de xeito máis importante nos dous anos seguintes, ata situarse no 96 % do PIB no 2019 ao mudarse o saldo primario en superávit.

A Comisión estima verosímil o escenario macroeconómico no que se basean estas previsións orzamentarias no que atinxe a 2016 e 2017 e algo optimista para despois; este validouse pola Autoridad Independiente de Responsabilidade Fiscal (AIReF) de España.

Consonte o establecido no antedito programa de estabilidade, o Consello de Política Fiscal e Financeira informou o pasado mes de abril favorablemente a proposta de obxectivos de estabilidade orzamentaria e de obxectivos de débeda pública do conxunto das Comunidades Autónomas correspondente ao período 2017-2019, formulada polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, que se corresponde co devandito plan de estabilidade presentado no marco do semestre europeo.

Este acordo sinala o seguinte:



O artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira dispón que no primeiro semestre do ano o Goberno, a proposta do Ministro de Hacienda y Administraciones Públicas, fixará o obxectivo de estabilidade orzamentaria en termos de capacidade ou necesidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais así como o obxectivo de débeda pública, ambos expresados en termos porcentuais do Produto Interior Bruto nacional nominal e referidos aos tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto das Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.

A actualización do Programa de Estabilidade 2016-2019 do Reino de España, que se vai remitir ás institucións comunitarias dentro das obrigas dos estados membros no eido do semestre europeo, prevé unha necesidade de financiamento do conxunto das AA.PP. para o período 2017-2019 que ascende ao 2,9% do PIB nacional no 2017, ao 2,2% no 2018 e ao 1,6% no 2019. Este escenario de consolidación fiscal posibilitará a España cumprir cos compromisos asumidos no marco do actual procedemento por déficit excesivo e do pacto de estabilidade e crecemento.

Tendo en conta o anterior, propónse que o Acordo de Consello de Ministros estableza os obxectivos de estabilidade orzamentaria do conxunto das comunidades autónomas nos seguintes termos: -0,5 no 2017, -0,3 no 2018 e 0,0 no 2019.

Por tanto, os obxectivos de estabilidade orzamentaria informados favorablemente no seo do CPFF coinciden cos presentados na actualización do programa de estabilidade do Reino de España 2016-2019 e son os seguintes medidos en porcentaxe do PIB.-




	ESA Code	2015 (A)	2015 (A)	2016 (F)	2017 (F)	2018 (F)	2019 (F)
		Nivel	% del PIB				
		(mill. €)					
Capacidad (+)/Necesidad (-) de Financiación (EDP. B9)							
1. Total Administraciones Públicas (*)	S. 13	-54.965	-5,1	-3,6	-2,9	-2,2	-1,6
1a. Sin gastos de reestructuración bancaria		-54.112	-5,0				
2. Administración Central (*)	S. 1311	-27.323	-2,6	-1,8	-1,5	-1,1	-0,9
3. Comunidades Autónomas	S. 1312	-17.962	-1,7	-0,7	-0,5	-0,3	0,0
4. Corporaciones Locales	S. 1313	4.765	0,4	0,0	0,0	0,0	0,0
5. Administraciones de Seguridad Social	S. 1314	-13.592	-1,3	-1,1	-0,9	-0,8	-0,7

A devandita proposta está pendente da súa elevación a Acordo de Consello de Ministros no que se fixen os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública, e ás Cortes Xerais ao abeiro do establecido no artigo 15 da Lei orgánica 2/2012.

Como pode verse os obxectivos aprobados supón catro décimas adicionais no 2017 (pasando a unha necesidade de financiamento máxima do -0,5 fronte ao -0,1 vixente ata entón), para acadar o equilibrio financeiro no 2019, data na que podería darse por rematado o proceso de consolidación fiscal das CC.AA.

O gráfico seguinte mostra a senda de consolidación fiscal das comunidades autónomas e de Galicia polo miúdo.

SENDA DE CONSOLIDACIÓN FISCAL



No mesmo pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado o pasado 29 de abril de 2016, o presidente do mesmo propuxo repartir o obxectivo de déficit



do sector público autonómico de xeito homoxéneo entre as diferentes comunidades autónomas.

Por tanto, tendo en conta o cadro macro do inicio do informe e a evolución do PIB nominal de Galicia prevista no mesmo, os obxectivos en porcentaxe do PIB e en millóns de euros serían os seguintes.-

	2015	2016	2017	2018	2019
	(porcentaxe)				
PIBpm Δ real	3,2	3,1	2,4	2,2	2,1
PIBpm Δ nominal	3,4	3,4	3,6	3,5	3,7
Deflactor PIB	0,2	0,3	1,2	1,3	1,6

	realizado	orçamento	obxectivo		
	(Porcentaxe e Millóns €)				
OBXECTIVO ESTABILIDADE INICIAL	-0,7%	-0,3%	-0,5%	-0,3%	0,0%
NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	379	174	298	185	0

iii. axustes de contabilidade nacional

Para a determinación da magnitude total do límite de gasto hai que ter en conta os posibles axustes que se haberán de aplicar sobre as dispoñibilidades financeiras determinadas ata o de agora, por diferir a súa consideración como gasto ou ingreso orzamentario e como emprego ou recurso en termos de contabilidade nacional, que é como se fixa o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O sistema europeo de contas (en adiante SEC-2010) é un sistema de Contabilidade Nacional e "constitúe un marco contable comparable a escala internacional, coa finalidade de realizar unha descrición sistemática e polo miúdo dunha economía no seu conxunto, das súas compoñentes e das súas relacións con outras economías".

O SEC-2010 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre. Pero si que deberá empregarse para poder definir a capacidade de financiamento e, por tanto deberemos atender aos seus criterios para calculala.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria debe cumprirse tanto na fase de elaboración, como de aprobación e execución do orzamento. É por isto polo que o proceso e orzamentación debe



planificarse non só en termos de contabilidade orzamentaria, senón tamén en termos de contabilidade nacional.

Isto significa que deben terse en conta por anticipado na elaboración dos orzamentos, os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación de criterios SEC-2010, obtendo, como dicíamos, o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. Pretender o equilibrio en termos de estabilidade a partires da simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter en conta a priori os axustes que provocan, en ingresos e gastos, os criterios de contabilidade nacional conleva incertezas no resultado da liquidación neses mesmos termos.

Existen dous grandes grupos de criterios que caracterizan o SEC fronte ao orzamento administrativo:

Un primeiro grupo de criterios que explican a delimitación do sector público e nos axudan por tanto, a clasificar os entes nos que participa a Xunta de Galicia dentro do sector público autonómico, e polo tanto do perímetro de consolidación SEC, ou non. Estes criterios aparecen descritos no apartado de ámbito subxectivo de cada lei de orzamentos da comunidade autónoma.

Un segundo grupo, son os criterios estritamente contables para calcular a capacidade ou necesidade de financiamento. Estes, a efectos prácticos, derivan nunha serie de axustes a realizar sobre a contabilidade orzamentaria ou administrativa co gallo de reflectir a capacidade ou necesidade de financiamento dun sector en termos de contabilidade nacional.

Os axustes tidos en conta para a elaboración do límite de gasto foron os seguintes:

1. A recadación incerta, que é a diferenza entre o importe dos dereitos recoñecidos netos nos capítulos I a III do orzamento de ingresos e o importe recadado en ditos capítulos, tanto en corrente como en exercicios anteriores. É de prever que consonte vaia mellorando a conxuntura económica o importe deste axuste se minore de xeito significativo.
2. As achegas de capital. Considéranse gasto non financeiro os importes das achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico. A máis importante é a correspondente ao financiamento da CRTVG. Tamén considéranse gasto non financeiro as achegas a Fundacións do sector público autonómico.



3. Os axustes por execución de avais. Recolle o importe das contías avaladas pola comunidade autónoma, declaradas fallidas e que se pagan con cargo ao fondo de garantía de avais que se instrumenta orzamentariamente como un gasto financeiro (a través dunha aplicación do capítulo VIII).
4. As estradas por concesión. En contabilidade nacional as estradas por concesión son gasto no momento en que o concesionario realiza o investimento, polo que a medida que, unha vez terminada a estrada, a Xunta paga o correspondente canon, mediante o que se amortiza a estrada, realízase un axuste positivo ao ser un gasto xa computado na súa integridade no intre do investimento.
5. Como menor gasto recóllense o axuste debidos ao pago da anualidade das contías aprazadas das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.

Debe de terse en conta que tan só se poden recoller neste momento os axustes que se poidan estimar a priori. Ademais, de cara á elaboración da envolvente financeira, desbótanse aqueles que teñen carácter puntual e pouco representativo.

millóns de euros	orzamento límite de gasto		previsión		taxas de variación		
	2016	2017	2018	2019	2017-2016	2018-2017	2019-2018
axustes de contabilidade nacional	9	17	24	22	88,9%	41,2%	-8,3%

4. LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO DO ORZAMENTO CONSOLIDADO.

De acordo co artigo 12 da Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade de Galicia, aprobado o obxectivo de estabilidade do artigo 4.1, o Consello da Xunta acordará o límite máximo de gasto non financeiro dos Orzamentos xerais da comunidade autónoma. Este acordo remitirase ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación, xunto co presente informe.

O límite de gasto será coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto establecida nas normas de estabilidade orzamentaria. O límite aprobado poderá ser axustado na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da Administración Xeral do Estado.



Por tanto, da agregación das compoñentes especificadas no punto anterior do informe podemos derivar a senda de dispoñibilidades financeiras a medio prazo da comunidade autónoma acorde co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria aprobados.

Como pode verse a recuperación económica, eleva os ingresos tributarios, tanto os percibidos a través dos pagos a conta do sistema de financiamento como os propios, o que permite absorber as distintas rebaixas tributarias con impacto no vindeiro exercicio e determina unha mellora total dos recursos non financeiros, a evolución dos tributos propios e cedidos resulta aínda mellorada polos fondos finalistas da administración xeral do estado así como dos fondos estruturais da Unión Europea.

Esta evolución dos recursos non financeiros resulta mellorada pola previsión dunha maior necesidade de financiamento, ao pasar o obxectivo de estabilidade orzamentaria dunha necesidade de financiamento do -0,3% do PIB no orzamento para 2016 a outra do -0,5% no presente límite de gasto, o que supón unha capacidade de gasto adicional de 124 millóns de euros.

Por tanto case un 3% máis de recursos totais que o pasado exercicio.

A senda a futuro seguirá aumentando a modo os ingresos non financeiros, ademais, unha vez absorbido o efecto das rebaixas tributarias os incrementos faranse a elasticidade-renda de cada tributo mellorando substancialmente a variación incremental. Os fondos europeos reflicten a evolución da senda financeira de programación cun pequeno descenso debido sobre todo ao fin dos fondos do programa operativo de emprego xuvenil a partires de 2017.

No que atinxe ao recurso ao endebedamento, como se ten dito a nova senda de consolidación fiscal aprobada no CPFF mostra unha evolución máis suave ata o obxectivo de equilibrio no 2019.

Por tanto o escenario futuro prevé un crecemento medio e estable da capacidade de gasto a un ritmo medio do 2,7%.

A evolución prevista para este límite de gasto e coherente coa taxa de referencia nominal da economía, elaborada de acordo coa proposta metodolóxica da LOEPSF, recollida no informe de situación da economía española aportado polo Ministerio de Economía no consello de política fiscal e financeira de abril de 2016.



millóns de euros	orçamento	límite de gasto	previsión		taxas de variación		
	2016	2017	2018	2019	2017-2016	2018-2017	2019-2018
recursos sistema de financiamento	6.736	6.815	7.170	7.648	1,2%	5,2%	6,7%
fondos finalistas doutras administracións	1.014	1.075	1.015	973	6,0%	-5,6%	-4,2%
outros recursos non financeiros	871	858	882	898	-1,5%	2,8%	1,9%
TOTAL RECURSOS NON FINANCIEROS	8.621	8.748	9.067	9.519	1,5%	3,6%	5,0%
capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento	174	298	185	0	71,3%	-37,9%	-100,0%
axustes de contabilidade nacional	9	17	24	22	84,4%	44,6%	-10,4%
LÍMITE DE GASTO	8.805	9.063	9.276	9.541	2,9%	2,4%	2,9%



Anexo.

Cálculo do *output gap* e saldo cíclico

Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio de Economía y Competitividad, que segue a da Comisión Europea⁴, que no ano 2013 introducía un cambio na metodoloxía de cálculo dos saldos orzamentarios axustados do ciclo (en inglés *cyclically-adjusted budget balance* (CAB)).

A nova metodoloxía substitúe a sensibilidade respecto da brecha de produción (*output gap* (OG)) que se viña utilizando pola semi-elasticidade dos ingresos e gastos públicos tamén con respecto da brecha de produción.

O documento da Comisión Europea demostra que o uso da semi-elasticidade para o cálculo do saldo orzamentario axustado do ciclo aproxima mellor este concepto que o uso anterior da sensibilidade.

A diferenza entre o uso da semi-elasticidade e a sensibilidade é unha cantidade igual ao produto do saldo orzamentario real en porcentaxe do PIB e a brecha do produto:

$$CAB_{semi-elasticidade} - CAB_{sensibilidade} = OG \frac{B}{Y}$$

onde OG é o *Output Gap*, B é o saldo orzamentario e Y o Produto Interior Bruto. As consecuencias deste cambio pódense resumir en que na maioría dos casos a diferenza entre o uso da sensibilidade e a semi-elasticidade é dunha orde de magnitude moi pequena no cálculo do saldo orzamentario axustado do ciclo. Sen embargo, na recente crise económica, nalgún país con fenda de produción superior ao 4% e déficit superior ao 6%, esta diferenza acada valores que superan o 0,25%, un cuarto de punto porcentual, erro bastante considerable se pretendemos medir con precisión o saldo estrutural do orzamento.

Ademais desta diferenza, a utilización da semi-elasticidade fronte á sensibilidade ten outro efecto importante, que consiste no seguinte: a pesar de que o saldo orzamentario axustado do ciclo considerado como a diferenza entre os ingresos e os gastos axustados non mostra moita variación coa sensibilidade, en cambio, a compoñente dos ingresos (e a dos gastos) axustada do ciclo si cambia considerablemente. A compoñente dos ingresos axustada ciclicamente é practicamente nula se se utilizan as semi-elasticidades e o de gastos rolda o 50%.

⁴ Este cambio recóllese no documento

http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2013/pdf/ecp478_en.pdf



Os datos que aparecen no cadro 17 (sacada do documento da Comisión) reflicten o expresado nos parágrafo anterior para España:

Cadro 17

Compoñente cíclico en % do PIB											
Compoñente cíclico dos ingresos											
Sensibilidade				Semi-elasticidade				Diferenza			
2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012
0,8	-1,8	-1,6	-1,7	0,0	0,0	0,0	0,0	-0,8	1,8	1,6	1,8
Compoñente cíclico dos gastos											
Sensibilidade				Semi-elasticidade				Diferenza			
2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012
-0,1	0,2	0,2	0,2	-0,9	2,1	1,8	2,0	-0,8	1,9	1,6	1,8

A compoñente cíclica dos ingresos, que roldaba o -1,5% do PIB nos últimos anos se utilizamos a sensibilidade, pasa a ser 0 se utilizamos semi-elasticidade. Esta diferenza compénsase totalmente na parte dos gastos, onde o método que utiliza a semi-elasticidade estima unha compoñente moi superior ao método da sensibilidade. Volvemos remarcar que o resultado final no caso español é neutro (noutros países como Grecia o resultado final non o é).

No capítulo dous do documento da Comisión derivanse as fórmulas para o cálculo da semi-elasticidade; son as seguintes:

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \frac{d(B/Y)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\frac{dB}{dY}Y - \frac{dY}{dY}B}{\frac{Y^2}{Y}} = \frac{dB}{dY} - \frac{B}{Y} \quad (1)$$

Onde B é o saldo orzamentario e Y o produto interior bruto

A partir desta formulación e utilizando un argumento similar descomponse esta semi-elasticidade nunha compoñente de ingresos e outra de gastos, do seguinte xeito:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade} = \varepsilon &= \frac{d(R/Y)}{\frac{dY}{Y}} - \frac{d(G/Y)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\frac{dR}{dY}Y - \frac{dY}{dY}R}{\frac{Y^2}{Y}} - \frac{\frac{dG}{dY}Y - \frac{dY}{dY}G}{\frac{Y^2}{Y}} \\ &= \left(\frac{dR}{dY} - \frac{R}{Y}\right) - \left(\frac{dG}{dY} - \frac{G}{Y}\right) = \left(\frac{\frac{dR}{R}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right)\frac{R}{Y} - \left(\frac{\frac{dG}{G}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right)\frac{G}{Y} \\ &= (\eta_R - 1)\frac{R}{Y} - (\eta_G - 1)\frac{G}{Y} \quad (2) \end{aligned}$$



Onde R son os ingresos e G son os gastos e η_R é a elasticidade dos ingresos sobre o PIB e η_G é a elasticidade dos gastos sobre o PIB

Para calcular a semi-elasticidade a partir das elasticidades entre os distintos tipos de ingresos e de gastos e o PIB derivamos a seguinte fórmula. Se consideramos os ingresos (e os gastos) como suma das súas compoñentes:

$$R = \sum R_i$$

Podemos utilizar o procedemento das expresións (1) e (2) para derivar a achega de cada tipo de ingreso e de gasto ao parámetro ε (semi-elasticidade). Facémolo para o caso dos ingresos, no gasto o procedemento é semellante:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade}_R = \varepsilon_R &= \frac{d(R/Y)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{d\left(\frac{\sum R_i}{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\sum d\left(\frac{R_i}{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} \\ &= \sum \frac{d\left(\frac{R_i}{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} = \sum \frac{\frac{dR_i}{dY} Y - \frac{dY}{dY} R_i}{\frac{Y^2}{Y}} \\ &= \sum \left(\frac{dR_i}{dY} - \frac{R_i}{Y}\right) = \sum \left(\frac{\frac{dR_i}{R_i}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right) \frac{R_i}{Y} = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} \quad (3) \end{aligned}$$

Polo tanto, a expresión (2) tamén se pode expresar da seguinte forma:

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} - \sum (\eta_{G_i} - 1) \frac{G_i}{Y} \quad (4)$$

A Comisión distingue cinco tipos de elasticidades para os ingresos (IRPF, Imposto de Sociedades, impostos indirectos, cotizacións sociais e ingresos non impositivos) e un para os gastos (gastos por desemprego) e propón a seguinte expresión para o cálculo da semi-elasticidade:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade} = \varepsilon &= (\eta_R - 1) \frac{R}{Y} - (\eta_G - 1) \frac{G}{Y} \\ &= \left(\sum_{i=1}^5 \eta_{R,i} \frac{R_i}{R} - 1\right) \frac{R}{Y} - \left(\eta_{Gv} \frac{G_v}{G} - 1\right) \frac{G}{Y} \quad (5) \end{aligned}$$

Esta formulación é equivalente á fórmula (4) sempre que nesta última se consideren todas as partidas de ingresos e de gastos para obter o verdadeiro valor da semi-elasticidade. Isto



implica que na expresión (5) se lle está a asignar (implicitamente) un valor cero á elasticidade das partidas que non entran no cálculo.

Para obter os coeficientes (sensibilidade e semi-elasticidade), polos que habería que multiplicar o *output gap* para calcular o saldo cíclico, utilizamos os datos de execución orzamentaria⁵ de 2014 y 2015 (todos os capítulos excepto os capítulos 8 e 9, é dicir, ingresos e gastos non financeiros) e os datos do PIB por comunidades da Contabilidad regional de España⁶ para eses anos. Ademais, tamén empregamos unha estrutura simplificada de ingresos e gastos, aplicando unha elasticidade única a cada unha das partidas. Esta elasticidade está tomada da Comisión Europea que adopta as estimacións da OCDE das elasticidades de ingresos e gastos públicos á brecha de produción. No seguinte cadro preséntanse estas elasticidades.

Cadro 18

Elasticidades por partidas	
Conceptos	Elasticidade
Ingresos	
IRPF	1,84
Imposto de Sociedades	1,56
Impostos indirectos	1,00
Cotizacións sociais	0,72
Ingresos non impositivos	0,00
Gastos	
Resto de gastos primarios	-0,03
Trasferencias correntes	
Fondo de suficiencia global	1,34
Fondo de garantía	1,34
Fondos de converxencia	1,34

Aplicando estas elasticidades ás partidas de ingresos, gastos e transferencias utilizando a fórmula (4) e a formulación da sensibilidade da anterior orde ministerial para comparar os resultados, obtemos as semi-elasticidades e as sensibilidades en %:

Semi-elasticidades para os ingresos e gastos

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} - \sum (\eta_{G_i} - 1) \frac{G_i}{Y}$$

⁵ <https://serviciotelematicos.minhap.gob.es/cimcanet/consulta.aspx>.

O Ministerio de Economía, Industria y Competitividad modificou a metodoloxía na Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro, que aínda non se puido implantar neste documento

⁶ <http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=%2Ft35%2Fp010&file=inebase&L=0>



Onde ϵ es la semi-elasticidade calculada como a diferenza entre a semi-elasticidade dos ingresos e dos gastos. η_{Ri} y η_{Gi} son as elasticidades do nivel de ingresos e gastos da partida i expostas no cadro 14.


Sensibilidade para os ingresos e gastos (anterior cálculo)

$$\delta = \sum_i \left(\eta_{R,i} \frac{I_i}{PIB} \right) - \sum_i \left(\eta_{G,i} \frac{G_i}{PIB} \right)$$

Onde δ é a sensibilidade, $\eta_{R,i}$ y $\eta_{G,i}$ as elasticidades do nivel de ingresos e gastos por partidas.

Os resultados finais para o valor de ϵ (semi-elasticidade) e δ (sensibilidade) por comunidades autónomas son os que se mostran nos seguinte gráfico. Neste cálculo excluíronse as comunidades do País Vasco e Navarra; o total das comunidades calcúlase utilizando os datos das 15 comunidades restantes.

Gráfico 7





O resultado do uso da semi-elasticidade aumenta o saldo cíclico de todas as comunidades comparado coa sensibilidade. Se utilizamos a sensibilidade cíclica, o parámetro toma un valor do 12,7% en media, se utilizamos la semi-elasticidade o valor é do 14,5%. En Galicia estes datos son o 15,5% e 16,3% respectivamente.

A semi-elasticidade dos gastos coincide coa porcentaxe que supón o gasto non financeiro de cada comunidade sobre o PIB. Isto é así porque segundo la fórmula (4), η_{Gi} é igual a cero para todas as partidas i , e, polo tanto, a semi-elasticidade cíclica asociada ao gasto é a suma das partidas dividida polo PIB, isto é, a porcentaxe que supón o gasto sobre o PIB.

Todos os cálculos están feitos coa información da execución orzamentaria en termos de caixa e sen axustar en termos de contabilidade nacional, estes axustes poderían alterar levemente o resultado, sobre todo se o axuste afecta ao gasto.

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

3. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

3.1 375(10/INT-000001)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 13 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa
exclusión social e a pobreza

Publicación da iniciativa, 6, 03.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Eva Solla Fernández, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal, Magdalena Barahona Martín, Juan José Merlo Lorenzo e Luca Chao Pérez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**, en relación coa situación de pobreza e exclusión social en Galicia.

Un de cada catro galegos está en risco de pobreza e exclusión social segundo os datos correspondentes ao ano 2015, onde se observa a tendencia á alza deste indicador.

En Galicia según o informe específico “O estado da pobreza en Galicia 2016”, os últimos datos oficiais son alarmantes: 702.000 persoas, o 25,7% da poboación, malvivía no 2015 en risco de pobreza ou exclusión social, 106.000 persoas máis que no ano anterior.

Empeoran quen peor o están pasando: As persoas en pobreza severa (con ingresos inferiores a 332€ ao mes) xa son o 4.8% da poboación galega: 132.000 homes e mulleres. No 2014 era o 3,5%, 38.000 persoas máis nun ano.

Ter un emprego xa non garante saír da pobreza. Mellora a baixa intensidade laboral dos fogares galegos: un 13,8% da poboación no 2015 cando o ano anterior era do 14,9%. Pero non é unha boa noticia completa porque moitos dos novos empregos que se crean son precarios ou de baixa calidade. A pobreza laboral é un fenómeno crecente.

Unha pobreza e a exclusión que afecta especialmente á nosa mocidade cun índice dun 37,8%, o 27,6% dos nosos nenos e nenas ou con familias monoparentais, nas que unha soa persoa (normalmente a nai) é a responsable dos fillos.

Por primeira vez aumenta nos nosos maiores: o 62,9 % das pensións galegas, a taxa máis elevada do estado están por baixo do limiar da pobreza, o 80% se falamos das pensións de viuvez.

O modelo económico neoliberal deseñado polo Partido Popular exacerba as desigualdades, e fai que a pesar de medrar o PIB medre tamén a desigualdade e a pobreza.

En Galiza onde as pensións amortiguaron e maquillaron o empobrecemento da poboación galega, unha vez que medra o PIB, en troques medra moito máis a desigualdade froito da estrutura demográfica envellecida e do feito de que en Galiza estén as pensións moi por debaixo da media estatal.

Os datos de incremento durante os anos da crise da pobreza infantil e xuvenil derivados das políticas neoliberais, de austeridade e de recortes de servizos sociais son alarmantes e pode dar lugar segundo os expertos á cronificación do problema.

Con estes datos e coa perspectiva dunha enorme crise demográfica que incrementará a pobreza nas persoas maiores compre un cambio de políticas que frenen o incremento da pobreza en Galiza.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Interpelación:

- 1) Qué valoración fai a Xunta de Galiza da evolución dos datos de exclusión social e pobreza no país?
- 2) Considera que as políticas realizadas durante os anos da crise incrementan a desigualdade e a pobreza?
- 3) Cáles son as medidas a nivel de pensións, salarios, vivenda e emprego teñen pensado desenvolver para reducir a situación de emerxencia de miles de galegos e galegas?
- 4) Considera que neste contexto e de cara ao futuro, será exitosa a Estratexia pola inclusión social?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 21/10/2016 14:02:51

Paula Vázquez Verao na data 21/10/2016 14:02:58

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/10/2016 14:03:02

Juan José Merlo Lorenzo na data 21/10/2016 14:03:11

Carmen Santos Queiruga na data 21/10/2016 14:03:14

Eva Solla Fernández na data 21/10/2016 14:03:16

Luca Chao Pérez na data 21/10/2016 14:03:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 375
Data envío: 21/10/2016 14:04:23.284



Paula Quinteiro Araújo na data 21/10/2016 14:03:22

Luis Villares Naveira na data 21/10/2016 14:03:25

Magdalena Barahona Martín na data 21/10/2016 14:03:28

José Manuel Lago Peñas na data 21/10/2016 14:03:31

Francisco Casal Vidal na data 21/10/2016 14:03:34

David Rodríguez Estévez na data 21/10/2016 14:03:37

Marcos Cal Ogando na data 21/10/2016 14:03:40

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

3.2 480(10/INT-000003)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 13 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación cos
desafiuzamentos

Publicación da iniciativa, 7, 04.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Eva Solla Fernández, Luca Chao Pérez, Manuel Lago Peñas, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal, Magdalena Barahona Martín e Juan José Merlo Lorenzo, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación en relación cos desafiuzamentos en Galiza**.

Vimos de coñecer, recentemente, os datos dos desafiuzamentos correspondentes ao segundo trimestre de 2016. Obsérvase, nestes, un descenso dun 3,4% con respecto ao mesmo período do ano anterior; baixando os derivados de impagos de aluguer, pero incrementándose os debidos a unha execución hipotecaria. Os derivados de impago dunha hipoteca foron neste trimestre 238 e os derivados do impago dun aluguer 421.

En 2015, pese a un descenso do 3,5 %, Galiza soportou 2.432 desafiuzamentos: 1.507 debidos a impagos de aluguer, 800 por execucións hipotecarias e 225 por outras causas.

Xa son moitos anos do inicio da chamada crise e, coma no resto do Estado, as cifras seguen a ser inasumibles para un país que pretende defender o dereito das persoas a disfrutar dunha vivenda digna.

Os desafiuzamentos e a exclusión de moita xente do acceso á vivenda, seguen a ser un dos principais e máis graves problemas sociais en Galiza.

A conxunción dun modelo de salarios baixos, traballos inestables e un modelo de vivenda cara e en propiedade, sen un parque público de alugueiro significativo, xunto coa baixa inversión en vivenda e baixo nivel de execución dos orzamentos, fan que non se albisque unha verdadeira solución aos desafiuzamentos máis alá das solucións paliativas e cosméticas.

Por iso creemos que o dereito á vivenda debe ser efectivo neste país e a Xunta de Galiza debe ter entre as súas prioridades proporcionar dito dereito a todos e a todas as galegas.



A introdución na lexislación do dereito subxectivo á vivenda, as ferramentas fiscais que penalicen a vivenda baleira, a creación dun parque público de alugueiro ou a aposta por outro modelo laboral e social, si son ferramentas e solucións verdadeiras e estruturais a un problema estrutural.

Non axuda tampouco os baixísimos niveis de execución dos programas de vivenda dos orzamentos dos anos do goberno do Partido Popular.

Segundo os datos da Conta Xeral do ano 2015 a execución da función Vivenda foi do 60 %, deixando sen executar e sen comprometer máis de 14 millóns de euros.

Ante esta situación, o Grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte interpelación:

- 1) Como valora o Goberno galego a evolución dos datos de desafiuzamentos en Galiza?
- 2) Considera o Goberno galego suficiente o ritmo de descenso neste último ano?
- 3) Ten prevista a Xunta de Galicia facer modificacións lexislativas e normativas para garantir o dereito efectivo das persoas a unha vivenda digna?
- 4) Considera o Goberno galego que a Lei 8/2012 de Vivenda de Galiza da resposta ao problema do acceso á vivenda da cidadanía galega?

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 26/10/2016 12:26:06

Luis Villares Naveira na data 26/10/2016 12:26:14

Carmen Santos Queiruga na data 26/10/2016 12:26:22

Eva Solla Fernández na data 26/10/2016 12:26:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/10/2016 12:29
Nº Rexistro: 480
Data envío: 26/10/2016 12:29:03.245



Paula Vázquez Veroa na data 26/10/2016 12:26:44

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 26/10/2016 12:26:48

Juan José Merlo Lorenzo na data 26/10/2016 12:26:53

Luca Chao Pérez na data 26/10/2016 12:26:58

Francisco Casal Vidal na data 26/10/2016 12:27:08

Paula Quinteiro Araújo na data 26/10/2016 12:27:18

Magdalena Barahona Martín na data 26/10/2016 12:27:22

José Manuel Lago Peñas na data 26/10/2016 12:27:26

David Rodríguez Estévez na data 26/10/2016 12:27:31

Marcos Cal Ogando na data 26/10/2016 12:27:34

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

3.3 649(10/INT-000009)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co
desemprego e a precariedade laboral

Publicación da iniciativa, 10, 09.11.2016



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Os datos da EPA referidos ao terceiro trimestre deste ano reflicten que, si baixou o desemprego, pero tamén que a temporalidade e a precariedade se enquistan no mercado laboral galego.

A dramática situación que están atravesando milleiros de familias visualízase nos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), que indican que os fogares nos que todos os activos están no paro ascenden a 72.100, e que hai 34.800 vivendas que non teñen ningún perceptor de ingresos. A comparación con valores de 2009 é moi significativa, rexistrándose un incremento do 69 % no caso das vivendas nas que todos os activos están no paro, e do 91,4 % nas que os fogares non teñen ningún perceptor de ingresos.

A dificultade para atopar emprego segue sendo maior no caso das mulleres, pois se a taxa de desemprego en Galicia entre os homes é do 15,7 %, no caso das mulleres alcanza o 17,1 %. Tamén entre os máis novos e novas, a pesares da emigración masiva de milleiros de mozos e mozas máis aló das nosas fronteiras, a taxa de desemprego chega ata o 37,6 %.

No trimestre aumentaron tanto os asalariados con contrato indefinido como os de tempo parcial, aínda que moito máis estes últimos, un 9,9 % fronte ao 1,1 %, volvendo a taxa de temporalidade a valores elevadísimos.

Finalmente, das estatísticas da EPA tamén se obtén un dato moi significativo pola súa negatividade, en Galicia a taxa de parcialidade involuntaria xa é do 63 %, é dicir, que de cada cen persoas que teñen un contrato a tempo parcial, 63 o teñen por non atopar un a tempo completo, non por decisión propia.

Á vista destes datos é evidente que a recuperación do emprego, tanto en Galicia como no resto do Estado, é só en termos cuantitativos, estacional e precaria. As medidas do Goberno, centradas nunha reforma laboral lesiva e

inxusta para as e os cidadáns, lonxe de corrixir a dualidade do mercado laboral, están estendendo a precariedade e a desigualdade.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que só se conseguirá encarar a recuperación de xeito sostible e diminuír os niveis de desigualdade e pobreza, facendo unha aposta clara por factores que permitan á economía crecer a medio e longo prazo e que mellore as rendas dos traballadores e traballadoras.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelean ao Goberno nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da evolución dos datos da EPA na nosa Comunidade Autónoma?
2. Se facemos unha comparativa entre os datos referidos ao ano 2009, e os que acabamos de coñecer da última EPA, pensa o Goberno galego que mellorou a situación do desemprego en Galicia, e que se reduciu a precariedade laboral?
3. Que medidas ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia para favorecer a creación de emprego estable e de calidade entre a mocidade galega?
4. Como ten previsto o Goberno galego reducir a maior dificultade coa que se atopan as mulleres fronte aos homes para atopar emprego?
5. Ante o elevado número de fogares nos que todos os activos están no paro ou non teñen ningún perceptor de ingresos, que medidas vai a poñer en marcha a Xunta de Galicia para mitigar na medida do posible a dramática situación á que se enfrontan estas familias?
6. Tendo en conta a situación de urxente necesidade na que se atopan milleiros de familias en Galicia, ten previsto o Goberno galego modificar a Lei de inclusión asegurando o papel da Risga como dereito subxectivo, así como corrixir aqueles apartados que dificultan a súa plena implantación?

Pazo do Parlamento, 3 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela

 **Grupo Parlamentario**

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 03/11/2016 16:26:19

Julio Torrado Quintela na data 03/11/2016 16:26:25

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

4. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

4.1 1120(10/POPX-000001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación
coa transferencia a Galicia da AP-9



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 13:52
Nº Rexistro: 1120
Data envío: 14/11/2016 13:52:00.950

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

“Que ten previsto facer ante o agravio do goberno central a Galiza ao anunciar miles de millóns de euros para rescatar autoestradas madrileñas, ao mesmo tempo que se nega a transferir a Galiza unha AP-9 libre de abusivas peaxes?”

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/11/2016 13:51:36

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

4.2 1127(10/POPX-000002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a opinión do Goberno galego en relación cos cambios
normativos previstos no ámbito educativo



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 1127
Data envío: 14/11/2016 14:35:13.232



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, que opinión lle merecen os cambios normativos previstos no ámbito educativo?

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2016

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/11/2016 14:33:53

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

4.3 1147(10/POPX-000003)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación
coas consecuencias socioeconómicas que tería a segregación e
venta de activos da empresa Ferroatlántica

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Portavoz do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Que ten previsto facer o Goberno, ante as consecuencias socioeconómicas que suporía a segregación e venda de activos de Ferroatlántica?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Portavoz do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 14/11/2016 17:58:12

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

5. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

5.1 411(10/POP-000015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Pierres López, María Luisa

Sobre o anuncio de investimento de máis de 15 millóns de euros para ampliar a estación depuradora dos Praceres, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, 6, 03.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 411
Data envío: 21/10/2016 14:30:14.175



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En Lourizán, a planta depuradora supramunicipal de Os Praceres está xestionada directamente por Augas de Galicia. Esta edar encárgase do tratamento das augas residuais urbanas da capital da provincia, xunto coas de Marín e parte dos municipios de Poio, Sanxenxo e Vilaboa.

En Pontevedra, aínda está sen completar a rede de saneamento do rural, a pesares de ter asinado un protocolo coa Xunta de Galicia que xa derivara na sinatura de dous convenios por valor de 4 e 10 millóns de euros, respectivamente.

E como consecuencia, a ría de Pontevedra vén soportando un tratamento de augas residuais excesivo, ademais de padecer unha deficiente depuración ao non estar rematadas as redes de colectores nin as estacións de tratamento previstas. Tanto é así que, dende finais de 2014, unha parte moi importante dos bancos marisqueiros adscritos ao pósito de Raxó xa foran declarados zona C.

A comezos de 2016, o presidente da Xunta de Galicia anunciaba un investimento de máis de 15 millóns de euros para ampliar a edar. Poucos días despois destas declaracións de Feijóo, a empresa Ence acordaba coa conselleira de Medio Ambiente (fotografía incluída) comprometer apoio económico a esta actuación de ampliación da edar; en concreto, ata 15 millóns de euros.

En xuño deste ano, a conselleira en funcións de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o conselleiro delegado de Ence, baixo a atenta mirada de Alfonso Rueda, firmaban un “pacto ambiental” que compromete á pasteira a investir 193,6 millóns de euros nos vindeiros 4 anos. Un dos seus obxectivos, segundo contaban estas 3 persoas, é a mellora da

 Grupo Parlamentario

depuradora de Os Praceres, que sería ampliada e modernizada a través dun convenio propio que se firmaría en tres meses (iso se dicía hai tres meses).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Son certas as declaracións do presidente da Xunta de Galicia dun investimento de máis de 15 millóns de euros para ampliar a estación depuradora de Os Praceres, en Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/10/2016 14:27:00

María Luisa Pierres López na data 21/10/2016 14:27:06

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

5.2 1118(10/PUP-000032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da instalación de vertedoiros, como o previsto en Lousame, como alternativa de futuro viable para os residuos industriais



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 13:46
Nº Rexistro: 1118
Data envío: 14/11/2016 13:46:58.513

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, relativa ao vertedoiro de Lousame.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola alarma social xenerada pola posible instalación dun vertedoiro en Lousame (A Coruña).

O Diario Oficial de Galiza nº 176, do 15 de setembro pasado, publica o anuncio da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do centro de xestión ambiental de Lousame, promovido por Gestora de Residuos del Noroeste, S.L. no concello de Lousame (A Coruña).

Analizada a documentación sometida a información pública, logo nos decatamos de que a súa denominación como “centro de xestión ambiental”, non é mais que un eufemismo que agocha a verdadeira intención de instalar un macro vertedoiro nas inmediacións do Monte Culou.

Este macro vertedoiro que ocupará 20 hectáreas e que actuará asociado a SOGAMA, ten previsto recibir nos 10 anos de vida útil un total de 700.000



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 13:46
Nº Rexistro: 1118
Data envío: 14/11/2016 13:46:58.513

toneladas. Das 100.000 toneladas de residuos que acollería anualmente, o 80% (máis das 3/4 partes) rematará no vertedoiro.

Aínda que o proxecto insiste en que se trata dunha instalación de reciclaxe e aproveitamento dos materiais contidos nos residuos, a súa verdadeira función é a de soterrar a maior parte do lixo no citado vertedoiro. Ademais, só un 10% aproximadamente dos residuos acollidos serían transformados en combustíbel para os fornos das cimenteiras, ou cando cadre, para unha nova incineradora como prevé o Plano de Residuos 2010-2020 da Xunta de Galiza.

É público e notorio que o BNG está por avanzar nun modelo de xestión dos residuos baseado nos 3Rs (redución, reutilización e reciclaxe) e no impulso da compostaxe, que supere o modelo de SOGAMA (por ineficaz, esgotado e contaminante) como ben demostra este intento de instalación dun novo vertedoiro.

Non comprendemos a teima en situar vertedoiros para soterrar lixo (bombas ambientais) en berces localizados nas cimas dos montes ou en penichairas que son colleitas naturais de augas que no futuro carrexan os xurros do lixo a correntes de auga que como neste caso bañan e alimentan zonas marisqueiras ou aproveitamentos de auga doce para consumo humano.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral ante o Pleno**, polo **trámite de urxencia**:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 13:46
Nº Rexistro: 1118
Data envío: 14/11/2016 13:46:58.513

Considera o Goberno galego que a instalación de vertedoiros como o previsto en Lousame, que sacrifican o medio ambiente e actividades económicas xa existentes, é realmente unha alternativa de futuro viable para os residuos industriais?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/11/2016 13:46:23

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

5.3 740(10/POP-000107)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 4 máis

Sobre a resposta que lle están a dar os concellos galegos ao Programa de vivendas baleiras posto en marcha pola Xunta de Galicia na novena lexislatura



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 17:45
Nº Rexistro: 740
Data envío: 04/11/2016 17:45:19.711

Á Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Alvaro Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da Urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade coñecer a acollida e a resposta que o Programa de Vivendas Baleiras, posto en marcha pola Xunta, está a ter entre os Concellos galegos, ao tratarse dunha iniciativa social de grande importancia, que busca a colaboración das administracións locais para mobilizar as vivendas desocupadas existentes e que estas poidan ser ofrecidas en réxime de alugueiro social a quen máis as necesita.

Na pasada lexislatura un dos eixes prioritarios do Goberno galego centrouse no desenvolvemento dunha ambiciosa axenda social, coa posta en marcha de plans, medidas e actuacións encamiñadas a facer fronte ás situacións de dificultade que estaban a sufrir algunhas familias galegas.

Nesa axenda social cobraron un especial protagonismo as iniciativas relacionadas coa vivenda, co fin de reforzar os mecanismos para tratar de dar unha solución a aquelas persoas e familias con dificultades para afrontar o pagamento dunha hipoteca ou do alugueiro da súa vivenda.

Así, a Xunta de Galicia impulsou un total de 12 medidas para garantir o dereito á vivenda e loitar contra os desafiuzamentos e as súas consecuencias, desenvolvendo novas fórmulas para facilitar o acceso a un fogar aos colectivos máis vulnerables.

Entre estas novas medidas que puxo en marcha o Goberno galego atópase o Programa de Vivendas Baleiras, que contou co apoio e coa colaboración da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

Un programa que ten como obxectivo prioritario crear unha bolsa de vivendas baleiras para alugueiro social, incorporando as vivendas de organismos, particulares e empresas que non se atopen habitadas contando, para isto, coa colaboración das Administracións locais.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 17:45
Nº Rexistro: 740
Data envío: 04/11/2016 17:45:19.711

Desde este Grupo Parlamentario consideramos que as familias que están en risco de perder a súa vivenda representan un drama social ante o que ningunha administración responsable pode inhibirse e mirar cara a outro lado.

Por isto, e dado que o Programa de Vivendas Baleiras da Xunta representa unha grande oportunidade para sumar aos concellos galegos na loita contra os desafiuzamentos na nosa Comunidade, por isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Qué resposta está a ter por parte dos Concellos galegos, o Programa de Vivendas Baleiras posto en marcha pola Xunta na pasada lexislatura?

Santiago de Compostela 4 de novembro 2016

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 04/11/2016 17:42:15

Martín Fernández Prado na data 04/11/2016 17:42:23

Marta Novoa Iglesias na data 04/11/2016 17:42:33

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 04/11/2016 17:42:40

Álvaro Pérez López na data 04/11/2016 17:42:50

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

5.4 355(10/POP-000003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a adquisición pola Xunta de Galicia do compromiso de adoptar as medidas legais axeitadas para evitar a segregación pola empresa Ferroatlántica das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes

Publicación da iniciativa, 6, 03.11.2016

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Losada Alvarez e Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Se hai dous sectores económicos nos que os gobernos da dereita, tanto en Galicia como en España, teñen mostrado que as súas políticas económicas son profundamente erradas é a industria e a enerxía.

Probablemente a empresa Ferroatlántica S.A. con instalacións produtivas en Cee e Dumbría e as centrais hidroeléctricas na canle dos ríos Xallas e Grande é un exemplo claro dos erros cometidos. Unha empresa mercada en 1992 polo empresario Villar Mir, con 170 MW de potencia enerxética instalada, que tiña nese momento en torno aos 600 traballadores/as e que na actualidade se sitúa en torno aos 280; e na que non se fixeron neste 24 anos inversións de relevancia, máis alá do mantemento.

Neste contexto de falla de expectativas para os traballadores e traballadoras, recentemente saíu publicado nos medios de comunicación por responsables do Grupo Ferroatlántica a intención de vender as centrais hidroeléctricas da nosa comarca.

Esta empresa ten a concesión para explotar os nosos recursos naturais, tense beneficiado destas concesións públicas supeditadas ao mantemento e xeración de postos de traballo, así como, a Declaración de Utilidade Pública, para á expropiación de terreos e para a construción e explotación das centrais hidroeléctricas do Xallas e Grande.

As actividades de enerxía eléctrica e de ferroaleacións forman unha “única unidade produtiva”. A vinculación de ditas actividades está obrigada pola Xunta de Galicia, ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con data 9/05/1996 e Tribunal Supremo con data 18/10/2001, e resolución de Augas de Galicia por transferencia de titularidade de data 15/10/2013

Esta situación ten sido ratificada recentemente en sede parlamentaria pola unanimidade de todos os grupos parlamentarios. Así como, as declaracións

 Grupo Parlamentario

institucionais da deputación da Coruña e os concellos da comarca en distintas sesións plenarias.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comprométese a Xunta de Galicia a adoptar as medidas legalmente adecuadas para evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións por parte da empresa Ferroatlántica?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez

Dolores Toja Suárez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/10/2016 13:27:32

María Dolores Toja Suárez na data 21/10/2016 13:27:38

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

5.5 572(10/POP-000024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar a segregación pola empresa Ferroatlántica das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes

Publicación da iniciativa, 10, 09.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 12:07
Nº Rexistro: 572
Data envío: 02/11/2016 12:07:06.159

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luís Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Xosé Luís Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao mantemento dos postos de traballo e actividades produtivas e dos postos de traballo evitando a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións.

A principios do mes de outubro fixéronse públicas as novas relativas á existencia contactos empresariais para a venda das centrais hidroeléctricas de Ferroatlántica. O cambio da titularidade das hidroeléctricas podería supoñer o primeiro paso para a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións.

Estas novas están a producir grande preocupación entre o cadro de traballadores e traballadoras. Segundo o Comité de Empresa de Ferroatlántica Cee-Dumbría Centrais Hidroeléctricas, máis de 250 persoas participaron o 21 de outubro na concentración convocada diante da fábrica de Brens (Cee) para solicitar información clara sobre os plans para as centrais por parte da empresa e, tamén, para demandar un posicionamento por parte da Xunta de Galiza. Previamente a esta manifestación, na reunión do Comité coas centrais sindicais, acordaron trasladar de novo a Alberto Núñez Feijoo a petición de reunión remitida o día 10 de outubro, de cara a ser recibidos con urxencia, en concreto antes do 27, xa que nesta data hai convocada unha reunión en Madrid coa empresa. O comité esixe ao presidente da Xunta a ratificación dos compromisos e o respecto á legalidade vixente, concretando a imposibilidade de segregar as actividades.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 12:07
Nº Rexistro: 572
Data envío: 02/11/2016 12:07:06.159

Ante esta situación, resulta incomprensíbel a pasividade que está a manter a Xunta ante as informacións que avanza unha posible especulación con operacións de compra-venda das concesións que mesmo podería ser un paso previo á segregación de Ferroatlántica poñendo en xogo o futuro de máis de 300 empregos directos e preciso actuar con decisión.

Desde o BNG compartimos a preocupación dos e das traballadoras, xa que está en risco a viabilidade e futuro do emprego. Cómpre recordar que dende o punto de vista legal a segregación das minicentrais da actividade industrial de Ferroatlántica non é posíbel, son unha unidade indivisíbel e ademais non é admisíbel que se estea a especular con concesións públicas de recursos naturais que son de todas e todos.

O Parlamento aprobou por unanimidade unha iniciativa do BNG que recolle a imposibilidade da segregación, -como por outro lado ditaminou tamén o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG)-, entre actividade industrial e explotación eléctrica. Do mesmo xeito, o pasado 30 de Marzo a Deputación da Coruña aprobou unha declaración institucional sobre Ferroatlántica, cun contido que consideramos necesario que ratifique e asuma o Parlamento de Galiza, que debe ademais, ir máis alá.

Polo dito, fórmulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Ten impulsado ou vai a impulsar accións a Xunta de Galiza tendentes a evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións por parte de Ferroatlántica?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 12:07
Nº Rexistro: 572
Data envío: 02/11/2016 12:07:06.159

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luís Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2016 12:04:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2016 12:04:55

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2016 12:05:03

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2016 12:05:05

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2016 12:05:09

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2016 12:05:13

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

5.6 609(10/POP-000030)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación que
están a vivir as persoas paradas en Galicia

Publicación da iniciativa, 10, 09.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en Pleno.

Segundo datos da Enquisa de Poboación Activa, que acaba de publicar o Instituto Nacional de Estatística en Galicia, hai 72.100 fogares nos que viven 158.328 persoas nos que todos os seus membros buscan traballo sen atopalo, isto é, están en paro.

Dentro deste colectivo, que sofre con maior intensidade a crise e a falta de oportunidade de emprego, hai un segmento no que a situación de falta de traballo chega á categoría de drama persoal, familiar e social.

Son os 34.800 fogares nos que non entra ningún ingreso de tipo laboral: nin salariais, porque están en paro; nin rendas por desemprego, porque as esgotaron por ser parados de longa duración; nin pensión, porque non teñen a idade nin os requisitos para acceder a ela.

Neses fogares viven case 50.000 homes e mulleres, nenos e nenas, que se enfrontan á angustia diaria de como sobrevivir coa única axuda das súas familias ou de ONGs, porque non teñen traballo e porque están excluídas dos sistemas de protección.

É un dos rostros máis dramáticos da pobreza no noso país. Ante esta situación absolutamente insoportable na que están 50.000 persoas en Galicia, o Grupo



Parlamentar de En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

É coñecedora a Xunta de Galicia desta situación, e consciente do drama no que viven estas 50.000 persoas en Galicia?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 02/11/2016 14:20:28

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

5.7 758(10/POP-000108)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 5 máis

Sobre a situación na que se atopa o ensino galego no referido
ao desenvolvemento do curso académico 2016-2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 18:22
Nº Rexistro: 758
Data envío: 04/11/2016 18:22:18.789

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Marisol Díaz Mouteira, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado e Carlos López Crespo, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique en Sede Parlamentaria, como se vai a desenvolver o presente curso escolar 2016-2017.

As políticas do Goberno do Partido Popular de Galicia, desenvolvidas nos últimos anos en Galicia pasaron por afrontar unha transformación do ensino non universitario ao longo do primeiro mandato e por consolidar “a revolución silenciosa”, no segundo.

Hai un importante camiño percorrido, pero faise preciso seguir traballando para acadar para Galicia unha Educación máis moderna, xusta socialmente e de calidade. Ese foi o compromiso adquirido de novo cos galegos e galegas e que toca comezar a executar ao logo da X Lexislatura.

Sen dúbida, hai que seguir aplicando políticas educativas pensadas por e para o alumnado, para os centros, para o profesorado e os equipos directivos, así como para as familias.

No inicio dunha nova lexislatura temos xa un curso escolar en marcha e parece oportuno coñecer cal é a situación actual e cara onde se pode ir. Gustaríanos saber se o curso 2016-17 está desenvolvéndose con normalidade e como o está a percibir a comunidade educativa galega.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a actual situación do ensino galego en canto ao desenvolvemento do presente curso 2016-2017?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 18:22
Nº Rexistro: 758
Data envío: 04/11/2016 18:22:18.789

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 04/11/2016 18:17:30

Moisés Blanco Paradelo na data 04/11/2016 18:17:38

María Sol Díaz Mouteiro na data 04/11/2016 18:17:44

Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2016 18:17:52

Martín Fernández Prado na data 04/11/2016 18:18:14

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:18:22

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

5.8 1146(10/PUP-000033)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación das reválidas de 2º de bacharelato establecidas na LOMCE para o curso 2016-2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta oral urxente en Pleno**, relativa á posta en marcha das reválidas de 2ª de Bacharelato establecidas pola LOMCE e asumidas polo Goberno galego.

Xustificación da Urxencia

A LOMCE foi a peor lei educativa que tivemos no Estado e como tal é a lei educativa que está atopando unha maior oposición en todo o país e entre toda a comunidade educativa. Unha lei nefasta porque o Partido Popular se empeñou en sacala adiante en contra do criterio de toda a comunidade educativa, en contra da sociedade civil e do resto de partidos e organizacións sociais e sindicais. A máis contestada porque ata presidentes do Partido Popular se teñen manifestado en contra da aplicación dunha lei cunha invasión competencial clara, que normaliza a desigualdade entre o alumnado e abre a porta ás privatizacións.

Dentro da LOMCE as reválidas son un dos puntos máis criticados polos expertos e pola comunidade educativa por non ter sentido pedagóxico algún e polas suas perigosas consecuencias para a cidadanía en formación. Unhas probas que son unha mostra clara do carácter elitista e segregador do modelo educativo do Partido Popular. Son moitos os motivos polos que consideramos necesario acabar con este tipo de avaliacións: porque van en contra da avaliación continua, minusvaloran o esforzo e o rendemento dos e das estudantes durante os catro anos da ESO e os dous do Bacharelato ó fialo todo a unha proba. Así, incrementan a posibilidade de fracasar ós alumnos,

prexudicando, especialmente, ó alumnado con problemas de aprendizaxe ou que teñen un estilo de aprendizaxe non memorístico. Ó mesmo tempo, poñen en dúbida o traballo do profesorado e anula a súa capacidade para avaliar as titulacións nas que foron formadores.

Unha lei que xera o caos na educación e sementa de preocupación e incerteza a toda a comunidade educativa, que non sabe de que, cando nin como terá que examinarse. Encaramos o final da primeira avaliación escolar sen que as alumnas e alumnos nin os profesores e profesoras de segundo de bacharelato teñan a menor idea de que van ter que examinarse dentro duns meses. Esta situación é absolutamente impresentable. Como impresentable resulta a improvisación constante e o cambio de criterio respecto a estas probas, que tanto son decisivas para ter un título como deixan de selo.

O goberno do Partido Popular, en cambio, non só non cuestionou ningún dos puntos desta lei regresiva senón que ten aprobado sen dubidar os decretos encargados de desenvolvela. Así, o Goberno galego ten a curiosa honra de ser unha das poucas Comunidades Autónomas que non se ten rebelado contra as reválidas.

Dende o Grupo de En Marea consideramos que anular un sistema de avaliación e acceso á universidade sen ter ben definido un modelo alternativo é unha irresponsabilidade que deixa en serias dificultades ós protagonistas do noso sistema educativo.

Dende En Marea consideramos que o seu modelo educativo, obsesionado na avaliación do alumnado, xera un estrés innecesario e ten efectos pedagóxicos contraproducentes.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 18:14
Nº Rexistro: 1146
Data envío: 14/11/2016 18:14:37.345



Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte **Pregunta oral urxente en Pleno**:

Vai insistir o Goberno galego na aplicación das reválidas de 2º de Bacharelato previstas para este curso 2016/2017?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/11/2016 18:13:50

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/11/2016 18:14:02

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 22.11.2016 Hora: 17:00
Orde do día

5.9 388(10/POP-000010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Fernández Fernández, Raúl

Sobre o estado actual do proxecto de construción na provincia de Ourense dun centro para a continuidade na atención ás persoas con discapacidade unha vez cumpridos os 21 anos de idade

Publicación da iniciativa, 6, 03.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 388
Data envío: 21/10/2016 14:08:46.597



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A situación da atención á discapacidade e á dependencia en Galicia están a sufrir un gran deterioro derivado das políticas de retallos e desatención da Xunta de Galicia, ademais das insufribles listas de espera, do limbo da dependencia, este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinación que sofre a provincia de Ourense.

A Plataforma PROCAPOURENSE (Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional), composta polos pais e nais de nenos e nenas con discapacidade, ANPA do CEE Miño, e unha amplísima representación de organizacións políticas, sindicais, e sociais da provincia de Ourense, leva tempo poñendo en evidencia unha destas discriminacións, evidenciando a falla de infraestruturas públicas non concertadas na provincia que permitan a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos atendidas nese centro ou en calquera outro da provincia.

Ourense é a única provincia que non dispón dun espazo destas características, xa que en Lugo hai un centro en Sarria con 120 prazas, Pontevedra dispón dun en Redondela co mesmo número de prazas, e a provincia da Coruña tamén conta cun centro público para que estas persoas poidan continuar coa súa formación e mellora da saúde. Que Ourense non dispoña dun centro destas características supón auténticos dramas familiares ao ter que separar centos de quilómetros ás nais e pais dos seus fillos e fillas, e vulnera o dereito a decidir das familias, polo que cómpre dar unha solución áxil e axeitada a esta situación tal como demanda dita plataforma cidadá.

Ás portas do comezo da campaña electoral das eleccións autonómicas celebradas o 25 de setembro deste ano, a Xunta de Galicia anunciaba o seu compromiso para poñer un marcha un centro público en Ourense para a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21

 Grupo Parlamentario

anos, sen facer ningún tipo de concreción a respecto de cándo se construírá o mesmo, o número de prazas do que disporá, e se os servizos que se presten no mesmo serán todos de titularidade pública.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

En que fase se atopa o proxecto do CAP de Ourense?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 21/10/2016 13:57:13

Raúl Fernández Fernández na data 21/10/2016 13:57:19